



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X lexislatura  
Número 479  
22 de maio de 2019

Fascículo 3



## SUMARIO

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.4. Procedementos de información

##### 1.4.4. Preguntas

##### 1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

#### ■ 49824 (10/POC-007875)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns e a posible incidencia para a poboación do Salnés da modificación prevista, no novo concurso para a adxudicación do transporte sanitario urxente terrestre, da dotación de profesionais da ambulancia de soporte vital avanzado, así como da supresión da segunda ambulancia de soporte vital básico que presta servizo en Vilagarcía de Arousa [160896](#)

#### ■ 49850 (10/POC-007876)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre os prazos previstos polo Goberno galego para a licitación da retirada da parte non soterrada do emisario existente na ría de Viveiro, a presentación do proxecto técnico de ampliación da estación depuradora de augas residuais e a súa remisión ao Concello, así como a existencia dalgún risco de perda dos fondos Feder asignados para o proxecto de saneamento da ría [160900](#)

#### ■ 49853 (10/POC-007877)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do carácter de axente velenoso e contaminante que posúe o chumbo dos perdigóns, o estado de tramitación no que se atopa o procedemento de infracción aberto pola Comisión Europea en 2015 a España en relación co seu uso nas zonas húmidas, así como as alegacións presentadas [160902](#)

#### ■ 49858 (10/POC-007878)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a valoración da Consellería do Mar respecto dos datos referidos á baixada que rexistran os permisos de explotación marisqueira en Galicia dende o ano 2009, así como as actuacións previstas para modificar a tendencia do emprego no sector [160904](#)

#### ■ 49861 (10/POC-007879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a elaboración e a publicación por parte do Goberno galego dalgún estudo referido ás necesidades formativas do tecido empresarial de Galicia, á oferta total reflectida no Plan galego de formación para desempregados e ocupados e á súa distribución territorial [160907](#)



**I 49881 (10/POC-007880)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego para o asinamento dun acordo que permita construír un novo centro de saúde no concello de Caldas de Reis, os prazos estimados e o investimento necesario para ese fin, así como as intencións do Sergas de mellorar a actual dotación de persoal para garantir a calidade asistencial no concello [160909](#)

**I 49882 (10/POC-007881)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre a valoración e as medidas concretas previstas pola Xunta de Galicia no ano 2019 respecto dos datos referidos á baixada das vendas de produtos pesqueiros nas lonxas galegas no ano 2018, así como ao baixo nivel de crecemento que tiveron as exportacións de peixes e de crustáceos, de moluscos e doutros invertebrados acuáticos en relación con outros anos [160913](#)

**I 49895 (10/POC-007882)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón**

Sobre as xestións realizadas en relación co antigo edificio do Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite, situado no lugar de Bos, en Guísamo, no concello de Bergondo, dende o momento do seu traslado ao edificio do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, así como as intencións da Consellería do Medio Rural respecto do futuro do edificio [160915](#)

**I 49916 (10/POC-007883)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre os danos causados nun petróglifo do conxunto arqueolóxico do Chao das Sinas pola maquinaria pesada utilizada nunha queima controlada levada a cabo no concello de Ouro [160917](#)

**I 49928 (10/POC-007884)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Toja Suárez, María Dolores**

Sobre o número de emerxencias en terra e de traslados hospitalarios non derivados de rescates no mar atendidos polo helicóptero *Pesca II* na Mariña lucense entre os anos 2010 e 2019, así como a necesidade de apoio do servizo do 061 nestes casos [160920](#)

**I 49931 (10/POC-007885)****Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón**

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para controlar a praga da avespiña do castiñeiro mediante a solta masiva do parasito *Torymus sinensis*, a información fornecida aos concellos e aos produtores e produtoras do lugar onde se está a realizar a solta e o asinamento dalgún convenio con algunha empresa para afrontar a expansión da praga [160923](#)

**I 49932 (10/POC-007886)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis**

Sobre as razóns da supresión no concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente dun técnico de Emerxencias Sanitarias na ambulancia medicalizada de Foz e as previsións da Xunta de Galicia respecto da modificación do prego de condicións técnicas do concurso para a súa reposición, así como a recuperación do servizo de vinte e catro horas da ambulancia asistencial de Foz [160926](#)

**I 49943 (10/POC-007887)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

**Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da ampliación da dotación de persoal e de servizos prevista para o novo Centro de Saúde de Gondomar [160929](#)

**I 49950 (10/POC-007888)**

Grupo Parlamentario de En Marea

**Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre a xestión levada a cabo polo Goberno galego en relación coa homologación e o recoñecemento dos títulos da Escola de Canteiros de Poio como títulos de ciclo medio e superior, así como as actuacións previstas ao respecto [160934](#)

**I 49962 (10/POC-007889)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

**Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a data prevista para o nomeamento dun presidente ou dunha presidenta do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela [160937](#)

**I 49968 (10/POC-007890)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

**Burgo López, María de la Concepción e 2 máis**

Sobre a valoración da Consellería de Cultura respecto do estado en que se atopan as pinturas murais do santuario da Nosa Señora das Virtudes de Ribadeo, as razóns da demora no arranxo dos problemas de humidade que padecen e as actuacións previstas para a súa preservación [160939](#)

**I 49987 (10/POC-007891)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

**Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre as medidas adoptadas polo Sergas para garantir a cobertura da praza de pediatra que vai quedar vacante pola xubilación da persoa titular nos centros de saúde de Barro e de Monte Porrêiro [160941](#)

**I 49989 (10/POC-007892)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

**Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**

Sobre as medias adoptadas ou previstas polo Goberno galego en relación coas verteduras de augas fecais ao río Furelos, no concello de Melide, nas proximidades da praia fluvial, así como a realización de controis periódicos da calidade das augas neste punto [160944](#)



**I 49997 (10/POC-007893)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para evitar o impacto en Galicia do expediente de regulación de emprego presentado polo Banco de Santander, así como as previstas para evitar unha nova destrución de postos de traballo e o pechamento de oficinas no sector financeiro

[160946](#)**I 50004 (10/POC-007894)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 4 máis**

Sobre o pechamento de camas e a derivación de doentes á sanidade privada durante os meses de verán nos centros hospitalarios do Sergas, a súa incidencia no eido asistencial e mais os criterios seguidos, os datos e as previsións ao respecto

[160950](#)**1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito****I 49823 (10/PRE-014924)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as razóns e a posible incidencia para a poboación do Salnés da modificación prevista, no novo concurso para a adxudicación do transporte sanitario urxente terrestre, da dotación de profesionais da ambulancia de soporte vital avanzado, así como da supresión da segunda ambulancia de soporte vital básico que presta servizo en Vilagarcía de Arousa

[160954](#)**I 49826 (10/PRE-014925)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre a avaliación da Xunta de Galicia respecto do impacto visual, no marco do BIC Ribeira Sacra, das obras de ampliación dunha adega situada na ribeira de Doade, no concello de Sober, así como os datos referidos ás autorizacións de obras solicitadas no territorio sometido ao réxime de protección específico desa paisaxe cultural

[160958](#)**I 49832 (10/PRE-014926)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre os datos referidos ás actuacións levadas a cabo polo Goberno galego contra o furtivismo na ría de Pontevedra nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018, así como as previstas para o ano 2019

[160961](#)**I 49833 (10/PRE-014927)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre os datos referidos ás actuacións levadas a cabo polo Goberno galego contra o furtivismo na ría de Muros nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018, así como as previstas para o ano 2019

[160962](#)**I 49851 (10/PRE-014928)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**

Sobre os prazos previstos polo Goberno galego para a licitación da retirada da parte non soterrada do emisario existente na ría de Viveiro, a presentación do proxecto técnico de ampliación da estación depuradora de augas residuais e a súa remisión ao Concello, así como a existencia dalgún risco de perda dos fondos Feder asignados para o proxecto de saneamento da ría [160963](#)

**I 49854 (10/PRE-014929)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do carácter de axente velenoso e contaminante que posúe o chumbo dos perdigóns, o estado de tramitación no que se atopa o procedemento de infracción aberto pola Comisión Europea en 2015 a España en relación co seu uso nas zonas húmidas, así como as alegacións presentadas [160965](#)

**I 49863 (10/PRE-014930)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre a elaboración e a publicación por parte do Goberno galego dalgún estudo referido ás necesidades formativas do tecido empresarial de Galicia, á oferta total reflectida no Plan galego de formación para desempregados e ocupados e á súa distribución territorial [160967](#)

**I 49880 (10/PRE-014931)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego para o asinamento dun acordo que permita construír un novo centro de saúde no concello de Caldas de Reis, os prazos estimados e o investimento necesario para ese fin, así como as intencións do Sergas de mellorar a actual dotación de persoal para garantir a calidade asistencial no concello [160969](#)

**I 49884 (10/PRE-014932)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre a valoración e as medidas concretas previstas pola Xunta de Galicia no ano 2019 respecto dos datos referidos á baixada das vendas de produtos pesqueiros nas lonxas galegas no ano 2018, así como ao baixo nivel de crecemento que tiveron as exportacións de peixes e de crustáceos, de moluscos e doutros invertebrados acuáticos en relación con outros anos [160973](#)

**I 49911 (10/PRE-014933)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Vázquez Verao, Paula**

Sobre a necesidade de mellorar as condicións de abrigo e de seguridade do “porto chico” ou peirao de Tupide, de Foz, así como os informes que posúe o Goberno galego respecto da batimetría e do estado das instalacións dos pantaláns [160975](#)

**I 49915 (10/PRE-014934)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**



**Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre os danos causados nun petróglifo do conxunto arqueolóxico do Chao das Sinas pola maquinaria pesada utilizada nunha queima controlada levada a cabo no concello de Oroul [160977](#)

**I 49927 (10/PRE-014935)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para controlar a praga da avespiña do castiñeiro mediante a solta masiva do parasito *Torymus sinensis*, a información fornecida aos concellos e aos produtores e ás produtoras do lugar onde se está a realizar a solta e o asinamento dalgún convenio con algunha empresa para afrontar a expansión da praga [160980](#)

**I 49930 (10/PRE-014936)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre as razóns da supresión, no concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente, dun técnico de Emerxencias Sanitarias na ambulancia medicalizada de Foz e as previsións da Xunta de Galicia respecto da modificación do prego de condicións técnicas do concurso para a súa reposición, así como a recuperación do servizo de vinte e catro horas da ambulancia asistencial de Foz [160983](#)

**I 49948 (10/PRE-014937)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da ampliación da dotación de persoal e de servizos prevista para o novo Centro de Saúde de Gondomar [160986](#)

**I 49957 (10/PRE-014938)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a xestión levada a cabo polo Goberno galego en relación coa homologación e o recoñecemento dos títulos da Escola de Canteiros de Poio como títulos de ciclo medio e superior, así como as actuacións previstas ao respecto [160991](#)

**I 49963 (10/PRE-014939)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a data prevista para o nomeamento dun presidente ou dunha presidenta do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela [160994](#)

**I 49969 (10/PRE-014940)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre a valoración da Consellería de Cultura respecto do estado en que se atopan as pinturas murais do santuario da Nosa Señora das Virtudes de Ribadeo, as razóns da demora no arranxo dos problemas de humidade que padecen e as actuacións previstas para a súa preservación [160996](#)



**I 49986 (10/PRE-014941)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre as medidas adoptadas polo Sergas para garantir a cobertura da praza de pediatra que vai quedar vacante pola xubilación da persoa titular nos centros de saúde de Barro e de Monte Poreiro

[160998](#)**I 49990 (10/PRE-014942)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**

Sobre as medias adoptadas ou previstas polo Goberno galego en relación coas verteduras de augas fecais ao río Furelos, no concello de Melide, nas proximidades da praia fluvial, así como a realización de controis periódicos da calidade das augas neste punto

[161001](#)**I 49999 (10/PRE-014943)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para evitar o impacto en Galicia do expediente de regulación de emprego presentado polo Banco de Santander, así como as previstas para evitar unha nova destrución de postos de traballo e o pechamento de oficinas no sector financeiro

[161003](#)**I 50003 (10/PRE-014944)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre o pechamento de camas e a derivación de doentes á sanidade privada durante os meses de verán nos centros hospitalarios do Sergas, a súa incidencia no eido asistencial e mais os criterios seguidos, os datos e as previsións ao respecto

[161007](#)



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 21 de maio de 2019, adoptou os seguintes acordos:

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.4. Procedementos de información

#### 1.4.4. Preguntas

##### 1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

#### Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 49824 (10/POC-007875)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns e a posible incidencia para a poboación do Salnés da modificación prevista, no novo concurso para a adxudicación do transporte sanitario urxente terrestre, da dotación de profesionais da ambulancia de soporte vital avanzado, así como da supresión da segunda ambulancia de soporte vital básico que presta servizo en Vilagarcía de Arousa

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49850 (10/POC-007876)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre os prazos previstos polo Goberno galego para a licitación da retirada da parte non soterrada do emisario existente na ría de Viveiro, a presentación do proxecto técnico de ampliación da estación depuradora de augas residuais e a súa remisión ao Concello, así como a existencia dalgún risco de perda dos fondos Feder asignados para o proxecto de saneamento da ría

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 49853 (10/POC-007877)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do carácter de axente velenoso e contaminante que posúe o chumbo dos perdigóns, o estado de tramitación no que se atopa o procedemento de infracción aberto pola Comisión Europea en 2015 a España en relación co seu uso nas zonas húmidas, así como as alegacións presentadas

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 49858 (10/POC-007878)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a valoración da Consellería do Mar respecto dos datos referidos á baixada que rexistran os permisos de explotación marisqueira en Galicia dende o ano 2009, así como as actuacións previstas para modificar a tendencia do emprego no sector

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 49861 (10/POC-007879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a elaboración e a publicación por parte do Goberno galego dalgún estudo referido ás necesidades formativas do tecido empresarial de Galicia, á oferta total reflectida no Plan galego de formación para desempregados e ocupados e á súa distribución territorial

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 49881 (10/POC-007880)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego para o asinamento dun acordo que permita construír un novo centro de saúde no concello de Caldas de Reis, os prazos estimados e o investimento necesario para ese fin, así como as intencións do Sergas de mellorar a actual dotación de persoal para garantir a calidade asistencial no concello

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49882 (10/POC-007881)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a valoración e as medidas concretas previstas pola Xunta de Galicia no ano 2019 respecto dos datos referidos á baixada das vendas de produtos pesqueiros nas lonxas galegas no ano 2018, así como ao baixo nivel de crecemento que tiveron as exportacións de peixes e de crustáceos, de moluscos e doutros invertebrados acuáticos en relación con outros anos

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 49895 (10/POC-007882)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as xestións realizadas en relación co antigo edificio do Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite, situado no lugar de Bos, en Guísamo, no concello de Bergondo, dende o momento do seu traslado ao edificio do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, así como as intencións da Consellería do Medio Rural respecto do futuro do edificio

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 49916 (10/POC-007883)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre os danos causados nun petróglifo do conxunto arqueolóxico do Chao das Sinas pola maquinaria pesada utilizada nunha queima controlada levada a cabo no concello de Ouro

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 49928 (10/POC-007884)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Toja Suárez, María Dolores

Sobre o número de emerxencias en terra e de traslados hospitalarios non derivados de rescates no mar atendidos polo helicóptero *Pesca II* na Mariña lucense entre os anos 2010 e 2019, así como a necesidade de apoio do servizo do 061 nestes casos

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo



- 49931 (10/POC-007885)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para controlar a praga da avespiña do castiñeiro mediante a solta masiva do parasito *Torymus sinensis*, a información fornecida aos concellos e aos produtores e produtoras do lugar onde se está a realizar a solta e o asinamento dalgún convenio con algunha empresa para afrontar a expansión da praga

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 49932 (10/POC-007886)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre as razóns da supresión no concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente dun técnico de Emerxencias Sanitarias na ambulancia medicalizada de Foz e as previsións da Xunta de Galicia respecto da modificación do prego de condicións técnicas do concurso para a súa reposición, así como a recuperación do servizo de vinte e catro horas da ambulancia asistencial de Foz

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49943 (10/POC-007887)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da ampliación da dotación de persoal e de servizos prevista para o novo Centro de Saúde de Gondomar

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49950 (10/POC-007888)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a xestión levada a cabo polo Goberno galego en relación coa homologación e o recoñecemento dos títulos da Escola de Canteiros de Poio como títulos de ciclo medio e superior, así como as actuacións previstas ao respecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 49962 (10/POC-007889)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a data prevista para o nomeamento dun presidente ou dunha presidenta do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 49968 (10/POC-007890)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre a valoración da Consellería de Cultura respecto do estado en que se atopan as pinturas murais do santuario da Nosa Señora das Virtudes de Ribadeo, as razóns da demora no arranxo dos problemas de humidade que padecen e as actuacións previstas para a súa preservación

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 49987 (10/POC-007891)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas polo Sergas para garantir a cobertura da praza de pediatra que vai quedar vacante pola xubilación da persoa titular nos centros de saúde de Barro e de Monte Porreiro  
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49989 (10/POC-007892)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as medias adoptadas ou previstas polo Goberno galego en relación coas verteduras de augas fecais ao río Furelos, no concello de Melide, nas proximidades da praia fluvial, así como a realización de controis periódicos da calidade das augas neste punto  
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 49997 (10/POC-007893)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para evitar o impacto en Galicia do expediente de regulación de emprego presentado polo Banco de Santander, así como as previstas para evitar unha nova destrución de postos de traballo e o pechamento de oficinas no sector financeiro  
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 50004 (10/POC-007894)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 4 máis

Sobre o pechamento de camas e a derivación de doentes á sanidade privada durante os meses de verán nos centros hospitalarios do Sergas, a súa incidencia no eido asistencial e mais os criterios seguidos, os datos e as previsións ao respecto  
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

### 1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

#### Admisión a trámite e publicación

- 49823 (10/PRE-014924)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns e a posible incidencia para a poboación do Salnés da modificación prevista, no novo concurso para a adxudicación do transporte sanitario urxente terrestre, da dotación de profesionais da ambulancia de soporte vital avanzado, así como da supresión da segunda ambulancia de soporte vital básico que presta servizo en Vilagarcía de Arousa

- 49826 (10/PRE-014925)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula



Sobre a avaliación da Xunta de Galicia respecto do impacto visual, no marco do BIC Ribeira Sacra, das obras de ampliación dunha adega situada na ribeira de Doade, no concello de Sober, así como os datos referidos ás autorizacións de obras solicitadas no territorio sometido ao réxime de protección específico desa paisaxe cultural

- 49832 (10/PRE-014926)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre os datos referidos ás actuacións levadas a cabo polo Goberno galego contra o furtivismo na ría de Pontevedra nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018, así como as previstas para o ano 2019

- 49833 (10/PRE-014927)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre os datos referidos ás actuacións levadas a cabo polo Goberno galego contra o furtivismo na ría de Muros nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018, así como as previstas para o ano 2019

- 49851 (10/PRE-014928)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre os prazos previstos polo Goberno galego para a licitación da retirada da parte non soterrada do emisario existente na ría de Viveiro, a presentación do proxecto técnico de ampliación da estación depuradora de augas residuais e a súa remisión ao Concello, así como a existencia dalgún risco de perda dos fondos Feder asignados para o proxecto de saneamento da ría

- 49854 (10/PRE-014929)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do carácter de axente venenoso e contaminante que posúe o chumbo dos perdigóns, o estado de tramitación no que se atopa o procedemento de infracción aberto pola Comisión Europea en 2015 a España en relación co seu uso nas zonas húmidas, así como as alegacións presentadas

- 49863 (10/PRE-014930)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a elaboración e a publicación por parte do Goberno galego dalgún estudo referido ás necesidades formativas do tecido empresarial de Galicia, á oferta total reflectida no Plan galego de formación para desempregados e ocupados e á súa distribución territorial

- 49880 (10/PRE-014931)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego para o asinamento dun acordo que permita construír un novo centro de saúde no concello de Caldas de Reis, os prazos estimados e o investimento necesario para ese fin, así como as intencións do Sergas de mellorar a actual dotación de persoal para garantir a calidade asistencial no concello



- 49884 (10/PRE-014932)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a valoración e as medidas concretas previstas pola Xunta de Galicia no ano 2019 respecto dos datos referidos á baixada das vendas de produtos pesqueiros nas lonxas galegas no ano 2018, así como ao baixo nivel de crecemento que tiveron as exportacións de peixes e de crustáceos, de moluscos e doutros invertebrados acuáticos en relación con outros anos

- 49911 (10/PRE-014933)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a necesidade de mellorar as condicións de abrigo e de seguridade do “porto chico” ou peirao de Tupide, de Foz, así como os informes que posúe o Goberno galego respecto da batimetría e do estado das instalacións dos pantaláns

- 49915 (10/PRE-014934)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre os danos causados nun petróglifo do conxunto arqueolóxico do Chao das Sinas pola maquinaria pesada utilizada nunha queima controlada levada a cabo no concello de Ouro

- 49927 (10/PRE-014935)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para controlar a praga da avespiña do castiñeiro mediante a solta masiva do parasito *Torymus sinensis*, a información fornecida aos concellos e aos produtores e ás produtoras do lugar onde se está a realizar a solta e o asinamento dalgún convenio con algunha empresa para afrontar a expansión da praga

- 49930 (10/PRE-014936)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre as razóns da supresión, no concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente, dun técnico de Emerxencias Sanitarias na ambulancia medicalizada de Foz e as previsións da Xunta de Galicia respecto da modificación do prego de condicións técnicas do concurso para a súa reposición, así como a recuperación do servizo de vinte e catro horas da ambulancia asistencial de Foz

- 49948 (10/PRE-014937)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da ampliación da dotación de persoal e de servizos prevista para o novo Centro de Saúde de Gondomar

- 49957 (10/PRE-014938)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca



Sobre a xestión levada a cabo polo Goberno galego en relación coa homologación e o recoñecemento dos títulos da Escola de Canteiros de Poio como títulos de ciclo medio e superior, así como as actuacións previstas ao respecto

- 49963 (10/PRE-014939)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a data prevista para o nomeamento dun presidente ou dunha presidenta do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela

- 49969 (10/PRE-014940)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre a valoración da Consellería de Cultura respecto do estado en que se atopan as pinturas murais do santuario da Nosa Señora das Virtudes de Ribadeo, as razóns da demora no arranxo dos problemas de humidade que padecen e as actuacións previstas para a súa preservación

- 49986 (10/PRE-014941)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas polo Sergas para garantir a cobertura da praza de pediatra que vai quedar vacante pola xubilación da persoa titular nos centros de saúde de Barro e de Monte Porreiro

- 49990 (10/PRE-014942)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as medias adoptadas ou previstas polo Goberno galego en relación coas verteduras de augas fecais ao río Furelos, no concello de Melide, nas proximidades da praia fluvial, así como a realización de controis periódicos da calidade das augas neste punto

- 49999 (10/PRE-014943)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para evitar o impacto en Galicia do expediente de regulación de emprego presentado polo Banco de Santander, así como as previstas para evitar unha nova destrución de postos de traballo e o pechamento de oficinas no sector financeiro

- 50003 (10/PRE-014944)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o pechamento de camas e a derivación de doentes á sanidade privada durante os meses de verán nos centros hospitalarios do Sergas, a súa incidencia no eido asistencial e mais os criterios seguidos, os datos e as previsións ao respecto

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de modificar o concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre que ven de facer público o 061.

A comarca do Salnés ven demandando unha ambulancia de soporte vital avanzado practicamente dende a inauguración do propio Hospital do Salnés.

Unha demanda máis que xustificada porque os recursos sanitarios existentes no Salnés non permiten a atención de patoloxías graves, nin a maior parte das veces, prestar asistencia médica in situ a doentes de extrema gravidade, nin asistilos con persoal facultativo e de enfermería durante os traslados a un centro hospitalario, ao non contar con ambulancia de soporte vital avanzado, nin ter UCI o Hospital do Salnés.

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, dependente do Sergas, ven de facer público o concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, no mesmo inclúese a tan demandada ambulancia medicalizada, mais ao coñecer os detalles deste concurso volven







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

saltar as alarmas, o malestar e a preocupación xa que atopámonos con que reducen o persoal que ten que prestar o servizo na mesma, pasando de catro traballadores/as (dous técnicos/as, un médico/a e un enfermeiro/a) a tres (un técnico, un médico/ e un enfermeiro/a.

Atopámonos tamén con que se suprime a ambulancia de soporte vital básico que ven prestando servizo en Vilagarcía, e que se ten mostrado máis que precisa, xa que os servizos realizados en Vilagarcía teñen aumentado de xeito considerábel, un 50%, teñen pasado de 3500 no ano 2014 a 5400 no ano 2018.

Ningunha destas medidas ten xustificación desde o punto de vista asistencial, só responde a criterios económicos de recorte e non ás necesidades da veciñanza.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Considera que a poboación do Salnés vai dispoñer dun servizo de transporte sanitario terrestre urxente de calidade cos recortes que se contemplan no novo concurso?

-Cal é a razón de ter modificado a dotación da ambulancia de soporte vital avanzado(ASVA) contemplada para o Salnés, eliminando un técnico en cada quenda, na vez dos equipos profesionais por quenda que viñan tendo até o de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

agora estes vehículos: dous técnic@s, 1 persoal de enfermería 1 persoal facultativo.

-Cal é a razón de eliminar no concurso a segunda ambulancia de soporte vital básico(12 horas) que presta servizo en Vilagarcía, cando os servizos que se realizan en Vilagarcía teñen aumentado un 50% nos últimos catro anos?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/05/2019 19:05:44**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 09/05/2019 19:05:50**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/05/2019 19:05:51**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/05/2019 19:05:52**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/05/2019 19:05:54**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/05/2019 19:05:55**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo e Patricia Otero Rodríguez, Luis Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

O proxecto de saneamento da ría de Viveiro (Lugo) inclúe dous proxectos:

1. Con relación á EDAR, unha nova balsa, un novo pretratamento e unha nova desinfección.
2. O segundo proxecto supón a instalación dun novo emisario, a retirada do antigo, unha nova estación de bombeo en Celeiro e un novo depósito.

Nestes días, o candidato do PP ao Concello de Viveiro avanzaba que “nos vindeiros días” será licitada a retirada da parte non soterrada do emisario que actualmente está na ría, concretando que o trámite para sacar a concurso os traballos “está a piques de rematar” e tamén que a Xunta de Galicia vai presentar nese mesmo prazo o proxecto técnico de ampliación da EDAR. Ata fixo público que o Goberno galego vai remitir o proxecto ao Concello para requirir a documentación necesaria e “seguir avanzando na tramitación da obra”. O certo é que o Concello solicitou a última información sobre esta actuación no pasado mes de marzo, sendo así que o proxecto relativo á EDAR contaba con todos os permisos e autorizacións e estaba pendente de aprobación como paso previo á licitación. Con respecto ao emisario, aínda quedaban permisos por cumprir (como os relativos ao patrimonio arqueolóxico mariño).

En 2010, a Unión Europea esixiu o saneamento da ría de Viveiro, polo que, en 2011, o Goberno da Xunta de Galicia anunciou a súa execución para 2015, cun investimento de 5 millóns de euros. En 2016, un ano despois da data prometida, o Goberno indicou que esta obra estaría rematada en 2019, resultando novamente un prazo que, evidentemente, tampouco se vai cumprir. O curioso é que, dende o mes de outubro do ano pasado, cando a Alcaldesa se reunía coa directora de Augas de Galicia e esta comprometía o inicio dos trámites para retirar o actual emisario, nada máis se soubo, así como tampouco nada da solicitude daquel organismo para tramitar os permisos de construción dun novo emisario ante a Demarcación de Costas do Estado.

Cómpre dicir que as actuacións se van realizar parcialmente con fondos FEDER 2014-2020, na contía de 2,7 millóns de euros e que existe o risco de perder pola pasividade de AUGAS DE GALICIA.



Polo exposto as deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) Pensa o Goberno da Xunta de Galicia que é normal que se dea información polo Goberno e entes instrumentais á oposición de calquera concello antes de remitir esa información ao Goberno municipal? É ese o seu senso de lealdade institucional?
- 2.ª) Cando ten previsto o Goberno licitar a retirada da parte non soterrada do emisario que actualmente está na ría e a presentación do proxecto técnico de ampliación da EDAR?
- 3.ª) Cando vai remitir o Goberno o proxecto ao concello para seguir avanzando na tramitación da obra?
- 4.ª) Solicitou o Goberno a Costas do Estado os permisos de construción dun novo emisario? Cando?
- 5.ª) Existe risco de que se perdan os 2,7 millóns de euros de fondos FEDER 2014-2020 para o proxecto de saneamento da ría de Viveiro (Lugo)?

Pazo do Parlamento, 10 de abril de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Patricia Otero Rodríguez  
Luis Manuel Álvarez Martínez  
María Luisa Pierres López,  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 10/05/2019 16:37:27**

**Patricia Otero Rodríguez na data 10/05/2019 16:38:30**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/05/2019 16:38:37**

**María Luisa Pierres López na data 10/05/2019 16:38:44**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Luis Manuel Álvarez Fernández e María Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O chumbo dos perdigóns é un dos axentes máis velenosos e contaminantes da natureza. Cada ano quedan abandonados centos de perdigóns, ocasionando a morte por envelenamento de millóns de aves. É un metal pesado que afecta a moitos órganos, que orixina disfuncións neurolóxicas e anemia e que altera o funcionamento dos rils. As aves cómeno cando o confunden con alimento ou con pedras que tragan para procesar o propio alimento. Cando o inxiren, sofren parálise, deixan de comer e morren en poucos días. E, logo, as aves rapaces inxiren restos desta munición cando se alimentan de presas ou carroñas que foron tiroteadas. Segundo o Instituto de Investigación en Recursos Cinexéticos, varios milleiros de aves morren cada ano en España e un millón en toda Europa.

A propia Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN), ao amparo da nosa lei do Patrimonio Natural e a Biodiversidade de 2007, o Instrumento de Ratificación do Acordo sobre a conservación das Aves Acuáticas Migratorias Afroeuroasiáticas de 1996 (feito en La Haya) e a Directiva Aves, tiña que recorrer ao Defensor del Pueblo e este respostaba que en todos os humedais galegos está prohibido o uso, non só de perdigóns con chumbo, senón tamén de calquera tipo de munición que conteña chumbo, incluídas postas e balas. Mais a Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia non semella opinar igual, aínda que Galicia ten designado todos os seus lugares de importancia comunitaria (LIC) como zonas especiais de conservación (ZEC).

Ocorre que a Comisión de Peticións da UE, en resposta de 8 de marzo de 2019, ten dito que é a Directiva Hábitats a que esixe aos Estados membros evitar



o seu deterioro, fixar medidas de conservación e evitar tamén calquera tipo de alteración significativa que repercuta nas especies nos lugares da Rede Natura. A Comisión incoou, en 2015, un procedemento de infracción contra España relativa ao establecemento das medidas de conservación necesarias e esta infracción tamén afecta á nosa Comunidade, pois refírese ao uso de chumbo nos perdigóns en humedais.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) Pensa o Goberno da Xunta de Galicia que o chumbo dos perdigóns é un dos axentes máis venenosos e contaminantes da natureza?
- 2.ª) En que trámite se atopa o procedemento de infracción aberto a España en 2015 pola Comisión UE relativa ao uso de chumbo nos perdigóns en humedais na nosa Comunidade?
- 3.ª) Ten feito alegacións o Goberno? Cales?

Pazo do Parlamento, 10 de abril de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Luis Manuel Álvarez Martínez  
María Luisa Pierres López,  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 10/05/2019 16:59:06**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/05/2019 16:59:14**

**María Luisa Pierres López na data 10/05/2019 16:59:20**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araújo**, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.<sup>a</sup>**.

O IGE vén de facer públicos os datos de permisos de marisqueo a pé na comunidade galega durante os últimos anos, o resultado non pode ser máis preocupante. No 2009 cando o Sr. Feijóo chegou ao goberno había en Galicia 4281 permisos de marisqueo a pe, ao final do 2018 apenas quedaban 3792, é dicir, 500 empregos menos.

A situación é dramática, si ben é certo que o sector vén adquirindo avances, sobre todo da man da autoorganización das mulleres capaces de profesionalizar o sector e incrementar os ingresos que eran absolutamente ridículos, hoxe o problema é o seu futuro pola perda de permisos e o avellentamento que está a sufrir.

O descenso de máis dun 11,5% durante a última década demostra a ineficacia das políticas de incorporación emprendidas pola Xunta de Galicia, ás que temos que engadir a falta de apoio do Goberno central en termos de protección para as nosas mariscadoras, no relativo aos costes fixos ou ás dificultades para acceder ás prestacións de incapacidade ou xubilación.


Hoxe estes datos deberían dar lugar a unha profunda reflexión para, da man do sector, acadar os acordos e iniciativas que permitan garantir o futuro do noso marisqueo, como fonte de riqueza, pero tamén para manter a nosa personalidade como pobo.







O gráfico non deixa lugar a dúbidas da evolución provocada polas políticas da Conselleira Rosa Quintana, máis preocupada en manter a súa rede clientelar que en fomentar e garantir o futuro das nosas traballadoras do mar.



En base a estas consideracións, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.<sup>a</sup>) Que valoración fai a Consellería destes datos?
- 2.<sup>a</sup>) Que vai facer para mudar a tendencia no emprego do marisqueo en Galicia?

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G.P. de En Marea.





**Asinado dixitalmente por:**

**Flora María Miranda Pena na data 13/05/2019 10:40:17**

**Paula Quinteiro Araújo na data 13/05/2019 10:40:25**



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O Consello da Xunta desenvolvido o 25 de abril aprobou o “Plan galego de formación para desempregados e ocupados” cunha dotación orzamentaria de 57,3 millóns de euros, dirixido á cualificación de desempregados e ocupados a través de máis de 1.880 cursos para os próximos dous anos.

Segundo se indica na información aos medios publicada na Páxina *web* da Xunta de Galicia, a Consellería de Economía, Emprego e Industria deseñou a oferta deste plan adaptada ás necesidades do tecido empresarial e dar resposta aos retos no novo modelo produtivo baseado nas novas tecnoloxías.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª. Ten elaborado a Xunta de Galicia algún estudo sobre as necesidades formativas do tecido empresarial galego? En caso de existir o dito estudo, onde está publicado?

2ª. Onde está publicado o Plan galego de formación para desempregados e ocupados?

3ª. Cal é a oferta total contemplada no Plan galego de formación para desempregados e ocupados?

4ª. Cal é a distribución territorial para o desenvolvemento do dito plan?

Pazo do Parlamento, 13 de maio de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/05/2019 11:40:22**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 13/05/2019 11:40:31**





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 13/05/2019 11:43:35  
**Nº Registro: 49861**  
Data envío: 13/05/2019 11:43:35.167

**Patricia Otero Rodríguez na data 13/05/2019 11:40:43**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGX8vclHZmQ3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

A construción do novo centro de saúde e PAC de Caldas é unha historia interminábel, un proxecto adiado durante máis de unha década debido á incapacidade do goberno municipal de Caldas e da Xunta para chegar a acordos sobre o novo emprazamento. Máis ca en resolver esta importante necesidade, concello e Xunta parecen máis interesados en botarse a culpa mutuamente sobre quen ten a responsabilidade do retraso.

Mentres as dúas administracións se entregan a este xogo inútil, a realidade é que a veciñanza de Caldas sofre as consecuencias das eivas e limitacións que ten o actual centro de Saúde: a masificación, a falta de espazo, a inadecuada ubicación do servizo de pediatría, a carencia de persoal médico, os problemas derivados do mal funcionamento do saneamento... Por outra parte, a falta de espazo fixo necesario habilitar unhas dependencias de educación maternal e atención por matrona no edificio comarcal, mais trátase dunha ubicación provisional e que non reúne as mellores condicións para a prestación deste servizo.

Ao longo de máis de dez anos asistimos con perplexidade a un simulacro: a oferta de terreos que non serven porque son inundábeis (A Tafona), a proposta de novos





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

terreos que son desbotados por dificultades técnicas, a oferta de novas ubicacións que son desbotadas por problemas urbanísticos... Mesmo se avaliou a posibilidade de ampliar o centro de saúde actual, proposta que só cabe cualificar como unha ocorrencia sen ningún estudo de viabilidade e oportunidade. A realidade é que pasan os anos e queda en evidencia a incapacidade das dúas administracións para chegar a acordos.

No último escrito enviado polo SERGAS o 27 de marzo de 2019 facíase referencia a dous predios que terían características axeitadas para a construción do novo centro de saúde e PAC: un terreo denominado ET3 dentro do sector SB 10 T do PXOM de Caldas dentro dunha área comercial a desenvolver por iniciativa privada; outro na estrada de Pontevedra, de 8.000 m<sup>2</sup>, que debería ser entregado libre de cargas e asumindo o concello os custes dos servizos e estacionamento.

Desde o BNG consideramos que non pode haber xa máis escusas para seguir adiado unha infraestrutura que é de vital importancia para o futuro de Caldas de Reis. E que polo tanto o concello de Caldas e o SERGAS deben poñerse de acordo e asinar o convenio do novo centro de saúde.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1. Por que o SERGAS e o concello de Caldas levan máis de dez anos adiado a construción dun novo centro de saúde?
2. Que previsións ten o goberno galego para a sinatura dun acordo que permita a construción deste equipamento público?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3. Tendo en conta a existencia de cando menos dúas parcelas aptas para a construción do novo centro de saúde, que previsións ten o SERGAS en canto a prazos e investimento necesario para este equipamento?

4. Ten previsto o SERGAS mellorar a dotación de persoal para garantir a prestación dun servizo sanitario de calidade en Caldas?

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**  
**Montserrat Prado Cores**  
**Noa Presas Bergantiños**  
**Olalla Rodil Fernández**  
**Xosé Luis Rivas Cruz**  
**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 13/05/2019 12:55:56**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/05/2019 12:56:01**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 13/05/2019 12:56:04**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 13/05/2019 12:56:05**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/05/2019 12:56:07**

**Noa Presas Bergantiños na data 13/05/2019 12:56:08**





## Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

De acordo cos datos do Instituto Galego de Estatística, entre o ano 2017 e o ano 2018 a venda de produtos pesqueiros nas lonxas galegas, diminuíu tanto na cantidade (38.486 toneladas) como no seu valor (17.679.218 euros).

Do total das familias que se contemplan (algas, bivalvos, cefalópodos, crustáceos, equinodermos, gasterópodos, peixes, poliquetos e resto), é a de “Peixes” a que ten un maior peso relativo no total, seguida de “Bivalvos”, e a seguir “Cefalópodos”.

Así na familia “Peixes”, vendéronse 38.047 toneladas menos que no ano 2017, equivalente a unha redución do 20 %. Á súa vez isto supuxo unha diminución nos ingresos de 26.291.629 euros (7 %), respecto de 2017.

A especie máis vendida no ano 2017 foi a xarda pintada (27 %). A especie que alcanzou maior valor foi a pescada (38 % do total). A especie máis vendida no ano 2018 foi o xurelo (20 %), en canto á de maior valor, ao igual que no ano anterior, foi a pescada (35 % do total).

Segundo a mesma fonte, o IGE, as exportacións de “Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos” incrementáronse en menos dun 2 % entre o ano 2017 e o ano 2018, namentres no ano anterior, estas medraban case un 12 %.

A xestión do Goberno é claramente insuficiente en canto á xestión da comercialización da produción pesqueira, basta analizar a traxectoria nos últimos anos do programa 723A, o cal inclúe a partida “Transformación e comercialización da produción pesqueira e acuícola”. Este programa como saben, tanto no ano 2017 como en 2018 deixou sen executar máis de 6 euros de cada 10.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego a diminución das vendas de produtos pesqueiros nas lonxas galegas no ano 2018?



2ª) Como valora o Goberno galego o baixo crecemento das exportacións de peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos” en relación aos anos anteriores?

3ª) Que medidas concretas vai levar a cabo o Goberno galego no ano 2019 para que a venda de produtos pesqueiros nas lonxas galegas non volva sufrir unha redución neste ano?

4ª) Que medidas concretas vai levar a cabo o Goberno galego no ano 2019 para que as exportacións de “peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos” alcance como mínimo o incremento do ano 2018?

Pazo do Parlamento, 13 de maio de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 13/05/2019 13:09:42**

**Patricia Otero Rodríguez na data 13/05/2019 13:09:53**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García**, deputado do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.<sup>a</sup>**

O Laboratorio Interprofesional Galego do Leite (LIGAL), agora ubicado no edificio do CIAM en Mabegondo, concello de Abegondo, foi trasladado a actual ubicación dende un edificio situado no lugar de Bos, Guísamo-Bergondo.

O traslado prodúcese no ano 2009, e dende aquel momento o edificio antigo, abandónase de xeito que o deterioro, 10 anos despois, é xa importantísimo.

O desleixo con este patrimonio por parte da Xunta de Galicia é un despilfarro irresponsable de recursos, pola perda de valor producida nestes anos.

Costa crer que non se plantexara unha solución que incluíse algún tipo de uso público que cubra determinadas necesidades ou que, cando menos, se fixese un seguimento e un mantemento continuo.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Cales foron as xestións realizadas no antigo edificio do Ligal, ubicado no lugar de Bos, Guísao-Bergondo, dende o momento do seu traslado ao edificio do CIAM en Mabegondo?





2) Que intencións ten a Consellería de Medio Rural e do Mar sobre o futuro de dito edificio?

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 14/05/2019 12:49:14**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª**, sobre os prexuízos causados por maquinaria da Xunta de Galiza sobre o patrimonio nunha queima controlada no concello do Oourol.

As asociacións Mariña Patrimonio e Adegas denunciaron publicamente os danos causados sobre un petróglifo no marco dunha queima controlada desenvolvida pola propia Xunta na que tamén foi utilizada maquinaria pesada, concretamente un tractor con cadeas.

Segundo informaron as dúas entidades, os danos foron causados polo lume sobre a zona arqueolóxica do Chao de Sinás, no concello do Oourol (A Mariña), onde se atopan trece laxes con petróglifos catalogados e dúas mámoas. No concreto, os danos terían sido maiores no petróglifo 13 (GA27038036).

A queima non contaba coa autorización da Consellaría de Cultura a través da Dirección Xeral de Patrimonio malia ser de carácter preceptivo de acordo coa información trasladada por Mariña Patrimonio e Adegas que puxeron en coñecemento do SEPRONA o acontecido.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Autorizou a Consellaría de Cultura o desenvolvemento dunha queima controlada na que participou maquinaria pesada sobre o conxunto arqueolóxico do Chao de Sinás, no concello do Ourense?

- Ten constancia a Consellaría de Cultura de que, no marco desa queima, se tivesen producido danos polo lume e/ou a maquinaria nalgún dos petróglifos das trece laxes catalogadas? E nas mámoas?

- Enviou a Dirección Xeral de Patrimonio persoal para avaliar o estado deste conxunto despois da denuncia de Mariña Patrimonio e Adegas?

- Que reflexión lle merece o acontecido á Xunta de Galiza toda vez que a administración é quen debe protexer e salvagardar o patrimonio cultural de Galiza?

- Que medidas vai adoptar o Goberno galego?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Luis Bará Torres**  
**Noa Presas Bergantiños**  
**Montserrat Prado Cores**  
**Xosé Luis Rivas Cruz**  
**Ana Pontón Mondelo**  
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/05/2019 11:04:07**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/05/2019 11:04:12**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/05/2019 11:04:13**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 15/05/2019 11:04:14**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/05/2019 11:04:17**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/05/2019 11:04:19**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e María Dolores Toja Suárez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O pasado día 29 de abril de 2019 publicáronse os pregos de condicións técnicas do concurso público para a prestación do servizo de transporte sanitario urxente ofertado polo Servizo Galego de Saúde e a Fundación de Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

No novo concurso público de servizos de transporte sanitario urxente, que se atopa en fase de licitación, o persoal das ambulancias estará composto por 2 técnicos/as de emerxencias, un/unha médico /a e un/unha enfermeiro /a, agás nas ambulancias de Foz, Monforte e O Salnés, onde a Xunta de Galicia suprime un destes técnicos nos pregos.

Este servizo de urxencias extrahospitalarias atende patoloxías tempodependentes, é dicir, onde a vida dos doentes corre perigo, e con este novo servizo non se pode asegurar a calidade na atención das persoas. O equipo humano é fundamental para atender esas patoloxías ou situacións e, polo tanto, a presenza das dúas persoas técnicas para poder localizar e chegar ao punto da emerxencia é fundamental sobre todo nunha zona rural como é o ámbito de actuación deste recurso de soporte vital avanzado.

Na actualidade a ambulancia medicalizada con base en Foz conta en cada quenda de garda con dous TES, un médico e un DUE, coma o resto de ambulancias medicalizadas do territorio galego. Tras o recorte de persoal a dotación humana só estará formada por un TES, un médico e un DUE, situación que non se producirá no resto das ambulancias medicalizadas de Galicia.

Esta supresión dun TES na ambulancia de Foz suporá diferencias na atención que sufrirán os habitantes de Foz e da Mariña lucense en xeral e creará a figura de pacientes de 1ª e de 2ª.

O Partido Popular de Galicia ataca unha vez máis a sanidade pública da Mariña de Lugo, con este novo recorte de persoal.





Desde o Grupo Socialista pedímoslle ao Goberno Popular da Xunta de Galicia que garanta, para a Mariña de Lugo, a igualdade de condicións coas ambulancias medicalizadas do resto de Galicia.

A maiores no ano 2011 recortouse o horario da ambulancia asistencial con base en Foz. Un servizo, que a día de hoxe segue cun inxustificado horario recortado a 12 horas, que empeora os tempos de resposta.

Ante as protestas xeradas na Mariña lucense a xerencia do 061 asegurou que pode cubrir esta zona cos dous helicópteros medicalizados. Afirmación esta que é falsa, xa que a comarca da Mariña de Lugo é unha das poucas zonas de Galicia que se atopa fóra das isocronas do dito recurso. Os Técnicos de Emerxencias Sanitarias aseguran que a presenza do H3 e H4 é testemuñal na Comarca. Os helicópteros do 061 só voan cando as condicións meteorolóxicas e de visibilidade son boas, algo que non é habitual debido a néboa que se acumula na Serra do Xistral.

O PP da Mariña recorda na prensa que o helicóptero do Pesca II tamén fai traslados sanitarios. Segundo os Técnicos de Emerxencias Sanitarias esta información é enganosa, xa que aseguran que a misión do Pesca II non é realizar traslados sanitarios nin atender emerxencias en terra, senón que a súa misión é marítima realizando rescates no mar e o posterior traslado aos hospitais. Ocasionalmente realizan rescates en terra en lugares de difícil acceso pero sempre, tanto nos recates no mar coma en terra, con apoio do 061, xa que a dotación dos helicópteros non dispón de médico.

O director do 061 asegura que se priorizan os servizos interhospitalarios, pero os Técnicos de Emerxencias Sanitarias recórdanlle que o SVA da Mariña o 70 % dos seus servizos son primarios, é dicir, que atenden as emerxencias na rúa como poden ser as paradas cardiorrespiratorias, accidentes de tráfico, accidentes laborais, hipoglucemias...

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª. Cantas emerxencias en terra, así como traslados hospitalarios non derivados de rescates no mar, atendeu o Pesca II na Mariña de Lugo entre os anos 2010 a 2019?

2ª. Cando o Pesca II acode a emerxencias en terra ou ben a rescates no mar necesita do apoio do servizo do 061?

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2019





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/05/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 49928**  
Data envío: 15/05/2019 14:04:57.541

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 15/05/2019 13:59:10**

**María Dolores Toja Suárez na data 15/05/2019 13:59:19**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGX8vclHZmQ3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García**, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.<sup>a</sup>**.

A avispiña do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*) foi detectada por primeira vez en Galicia no 2014. Este pequeno insecto é orixinario de China e, do mesmo xeito que a vespa Velutina, xa invadiu máis da metade do noso territorio. Galicia acumula ata o momento arredor de 8.000 positivos detectados. No 2017, a praga entrou na gran zona produtora de castaña, no oriente de Ourense.

A avispiña do castiñeiro pode matar os castiñeiros máis novos nas zonas cunha gran incidencia da praga. Esta especie forma agallas dificultando a formación das novas ramas, traendo consigo unha diminución moi importante nalgúns casos da produción de madeira e froito.

Para combatela, a vía máis eficaz na actualidade é a loita biolóxica. Consiste en combater ao insecto coa solta dun parasitoide da praga, outra avespa chamada *Torymus sinensis*. Esta avespa "boa" cómese os ovos da avispiña do castiñeiro e mantena controlada evitando a súa rápida proliferación.

O sector pediu unha solta masiva da *Torymus sinensis*, tal e como fixeron en Italia e Francia. Cando se trata de loita biolóxica, a rapidez da aplicación do tratamento é fundamental á hora de reducir as perdas económicas causadas polas pragas. A expansión da presente praga foi moi rápida, sen que as medidas tomadas até o de agora demostraran efectividade para detela.





A Xunta de Galicia por fin entrou en razón e recoñeceu o alarmismo dos produtores e comercializadores deste froito por mor desta praga, e está a soltar o *Torymus Sinensis*.

A loita biolóxica co *Torymus sinensis* contra a avispiña do castiñeiro é clave para salvagardar o castiñeiro. Tan só desta maneira se poderá manter a economía das zonas rurais que viven da súa recolección, venda e transformación.

Polo exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Que actuacións se teñen desenvolvido até o de agora para o control da avispiña do castiñeiro?
2. Estase informando a concellos e a produtores/as de onde se está a realizar a solta?
3. Que gastos se teñen derivado destas actuacións?
4. Existe algún convenio de colaboración asinado con algunha empresa para facer fronte á expansión da praga?
5. Existe previsión de ser produtores de *Torymus Sinensis* para non ter que depender de terceiros a hora de adquirilo?
6. Prevese o pago de indemnización aos produtores de castaña afectados pola praga?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García





Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 15/05/2019 14:04:54**

**Antón Sánchez García na data 15/05/2019 14:05:10**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, María Dolores Toja Suárez, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

O pasado día 29 de abril de 2019 publicáronse os pregos de condicións técnicas do concurso público para a prestación do servizo de transporte sanitario urxente ofertado polo Servizo Galego de Saúde e a Fundación de Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

No novo concurso público de servizos de transporte sanitario urxente, que se atopa en fase de licitación, o persoal das ambulancias estará composto por 2 técnicos/as de emerxencias, un/unha médico /a e un/unha enfermeiro /a, agás nas ambulancias de Foz, Monforte e O Salnés, onde a Xunta de Galicia suprime un destes técnicos nos pregos.

Este servizo de urxencias extrahospitalarias atende patoloxías tempodependentes, é dicir, onde a vida dos doentes corre perigo, e con este novo servizo non se pode asegurar a calidade na atención das persoas. O equipo humano é fundamental para atender esas patoloxías ou situacións e, polo tanto, a presenza das dúas persoas técnicas para poder localizar e chegar ao punto da emerxencia é fundamental sobre todo nunha zona rural como é o ámbito de actuación deste recurso de soporte vital avanzado.

Na actualidade a ambulancia medicalizada con base en Foz conta en cada quenda de garda con dous TES, un médico e un DUE, coma o resto de ambulancias medicalizadas do territorio galego. Tras o recorte de persoal a dotación humana só estará formada por un TES, un médico e un DUE, situación que non se producirá no resto das ambulancias medicalizadas de Galicia.

Esta supresión dun TES na ambulancia de Foz suporá diferencias na atención que sufrirán os habitantes de Foz e da Mariña lucense en xeral e creará a figura de pacientes de 1ª e de 2ª.

O Partido Popular de Galicia ataca unha vez máis a sanidade pública da Mariña de Lugo, con este novo recorte de persoal.



Desde o Grupo Socialista pedímoslle ao Goberno Popular da Xunta de Galicia que garanta, para a Mariña de Lugo, a igualdade de condicións coas ambulancias medicalizadas do resto de Galicia.

A maiores no ano 2011 recortouse o horario da ambulancia asistencial con base en Foz. Un servizo, que a día de hoxe segue cun inxustificado horario recortado a 12 horas, que empeora os tempos de resposta.

Ante as protestas xeradas na Mariña lucense a xerencia do 061 asegurou que pode cubrir esta zona cos dous helicópteros medicalizados. Afirmación esta que é falsa, xa que a comarca da Mariña de Lugo é unha das poucas zonas de Galicia que se atopa fóra das isocronas do dito recurso. Os Técnicos de Emerxencias Sanitarias aseguran que a presenza do H3 e H4 é testemuñal na Comarca. Os helicópteros do 061 só voan cando as condicións meteorolóxicas e de visibilidade son boas, algo que non é habitual debido a néboa que se acumula na Serra do Xistral.

O PP da Mariña recorda na prensa que o helicóptero do Pesca II tamén fai traslados sanitarios. Segundo os Técnicos de Emerxencias Sanitarias esta información é enganosa, xa que aseguran que a misión do Pesca II non é realizar traslados sanitarios nin atender emerxencias en terra, senón que a súa misión é marítima realizando rescates no mar e o posterior traslado aos hospitais. Ocasionalmente realizan rescates en terra en lugares de difícil acceso pero sempre, tanto nos recates no mar coma en terra, con apoio do 061, xa que a dotación dos helicópteros non dispón de médico.

O director do 061 asegura que se priorizan os servizos interhospitalarios, pero os Técnicos de Emerxencias Sanitarias recórdanlle que o SVA da Mariña o 70 % dos seus servizos son primarios, é dicir, que atenden as emerxencias na rúa como poden ser as paradas cardiorrespiratorias, accidentes de tráfico, accidentes laborais, hipoglucemias...

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª. Pensa o Goberno galego que se mellora a calidade do servizo do SVA da Mariña ao recortar un TES da ambulancia medicalizada de Foz, pasando dun equipo de catro profesionais a tres? En que se xustifica este recorte de persoal?

2ª. Ten pensado a Xunta de Galicia modificar os pregos de condicións técnicas do concurso público para a prestación do Servizo de Transporte Sanitario Urxente ofertado polo Servizo Galego de Saúde e a Fundación de Urxencias Sanitarias de Galicia-061, de xeito que se recupere o TES suprimido na ambulancia medicalizada de Foz?



3ª. Vai a Xunta de Galicia recuperar o servizo das 24 horas da ambulancia asistencial de Foz, recortado a 12 horas de forma inxustificada, no ano 2011?

4ª. Cantos servizos fixo a SVA da Mariña entre o anos 2010 ao 2109? Destes servizos, cantos foron intrahospitalarios, cantos foron primarios, é dicir, urxencias na rúa?

5ª. Cando o Pesca II acode ás emerxencias en terra ou ben a rescates no mar necesita do apoio dos servizos do 061?

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 15/05/2019 14:00:54**

**María Dolores Toja Suárez na data 15/05/2019 14:01:01**

**Noela Blanco Rodríguez na data 15/05/2019 14:01:10**

**Julio Torrado Quintela na data 15/05/2019 14:01:17**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, e Noa Presas Bergantiños,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión** relativa á dotación de persoal e aos os servizos que se van prestar no novo centro de saúde de Gondomar

A sanidade pública de Galiza está nunha situación de deterioro xeneralizado na que a Atención Primaria está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Todas as decisións tomadas polo goberno do PP foron en detrimento dunha Atención Primaria que debería ser o eixo fundamental do sistema sanitario, como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel: masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do establecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións, nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O actual Centro de Saúde de Gondomar responde á situación que se acaba de describir. A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal. A plantilla do Centro de Saúde de Gondomar é dende hai tempo moi escasa para poder prestar unha óptima prestación sanitaria ao conxunto da poboación a que atende.

Non se cobren as vacacións da matrona polo que deixan de se facer nese período os cursos de preparación pre e post parto, e as revisións xinecolóxicas tanto de seguimento dos embarazos como as de realización de controles (citoloxías, etc.) das mulleres en xeral.

Por outro lado, tamén se constata que non se están a cubrir desde o inicio as baixas médicas das e dos profesionais sanitarios. E non cubrir estas contribúe ao deterioro da prestacións, xa que ou o resto das profesionais se ven na obriga de asumir as consultas das que están de baixa, incrementado o seu volume de traballo, ou simplemente non hai atención sanitaria durante ese período.

Dispón dunha única praza de pediatría só en horario de mañá, que atende a 1.300 crianzas, moi por riba da ratio recomendada, problema que se agrava aínda máis no verán a consecuencia de o SERGAS non substituír á pediatra titular durante as vacacións, obrigando ás familias a desprazarse a outras consultas, ou ás pediatras dos outros centros a pasar consulta en Gondomar a maiores da súa propia.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Ante esta situación, asistimos ao anuncio en prensa, o pasado día 27 de abril, de que o novo centro de saúde de Gondomar vai abrir as súas portas no verán despois de catro anos en construción. Unha instalación sanitaria que foi obxecto de redución respecto da súa dimensión inicial polo PP e a súa política de recortes, o que provoca que se inaugure xa con prestacións insuficientes para a poboación que debe atender.

Na nova aparecida nos medios de comunicación, recóllese que ese novo centro de saúde contará con seis consultas de medicina de familia e unha de pediatría, as mesmas que na actualidade e que son claramente insuficientes segundo se detallou máis arriba. Mais no caso da atención pediátrica é especialmente negativo o feito de que vaia haber unha soa consulta de pediatría e que, según poidemos saber, atenderá nunha soa quenda de mañá. O que significaría manter a situación actual de exceso de cupo que xa ten obrigado ás familias de novas crianzas a ter consulta de pediatría noutros concellos do Val Miñor.

Polo anteriormente exposto formulanse as seguintes preguntas para a súa contestación oral en comisión:

- Considera o Goberno galego que @s veciñ@s de Gondomar van recibir unha asistencia sanitaria de calidade sen a ampliación da dotación de profesionais e servizos no novo centro de saúde?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

É certo que o novo centro de saúde de Gondomar non vai ver ampliada a súa plantilla de médicos de familia?

É certo que no novo centro de saúde non haberá máis que unha consulta de pediatría en horario de mañá?

Por que non se adoptan medidas para garantir a correcta atención pediátrica ás crianzas de Gondomar?

Que hai de certo en que o SERGAS pretende centralizar as consultas de pediatría dos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán no PAC Val Miñor (A Xunqueira)?

De ser certa esa pretensión, é consciente dos prexuízos que lle causaría ás familias terse que desprazar desde os seus respectivos concellos até ese PAC?

Vai ter o novo centro de saúde ampliación da consulta de matrona?

Vai ter o novo centro de saúde de Gondomar dotación suficiente de profesionais de enfermería e persoal auxiliar?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2019 11:36:24**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2019 11:36:57**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/05/2019 11:37:02**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/05/2019 11:37:05**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2019 11:37:07**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/05/2019 11:37:09**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.<sup>a</sup>**

A Escola de Canteiros de Poio naceu no ano 1979, no mosteiro da localidade. Dependía, na súa orixe, do Ministerio de Cultura, pero, tres anos máis tarde, a Deputación de Pontevedra fíxose cargo dela.

A Escola foi creada para transmitir ás novas xeracións as artes que, durante séculos, deron sona ao noso patrimonio labrado en pedra. A institución imparte 5 anos de formación, tres que habilitan para ser canteiro e dous máis para formar aos mestres canteiros. Cada curso consta de preto de mil horas lectivas.

Para poder levar a cabo a súa fermosa labor, a Escola conta cun orzamento anual de 1 millón de euros.

Malia que o centro dispón dos medios necesarios para ser un centro de referencia nacional e internacional, a realidade é que nestes momentos suma só 11 alumnos. Nos seus mellores tempos, había arredor de 80 estudantes, moitos dos cales remataron traballando na Catedral de Santiago, na Sagrada Familia, no Big Ben, no Capitolio...

A razón de que se producira semellante descenso do alumnado é que, por mor do desleixo insensato da Xunta de Galicia, os títulos da Escola non posúen validez oficial ningunha. A Asociación de canteiros leva máis dunha década





denunciándoo, pero as institucións non souberon estar á altura das súas esixencias.

Isto ten que mudar de inmediato. A Formación Profesional é competencia exclusiva do Goberno da Xunta, polo que lle corresponde a el iniciar os trámites e homologación para que os títulos da Escola de Canteiros de Poio se recoñezan, como corresponde, como títulos de ciclo medio e ciclo superior.

Polo anterior, as deputadas que subscriben presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.<sup>a</sup>) Por que a Xunta de Galicia non fixo nada na última década para homologar os títulos de canteiro e mestre canteiro da Escola de Poio?
- 2.<sup>a</sup>) Non lle parece que os seus estudantes merezan o recoñecemento que demandan?
- 3.<sup>a</sup>) Que pensa facer ao respecto no futuro?
- 4.<sup>a</sup>) Vai recoñecer como títulos de ciclo medio e superior tódolos títulos expedidos pola escola ata o momento?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda  
Luca Chao Perez  
Deputadas do G.P. de En Marea





**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 16/05/2019 11:32:19**

**Luca Chao Pérez na data 16/05/2019 11:32:42**





## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López e Luis Manuel Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura**.

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, determina no seu artigo 74:

“Os consellos sociais son órganos de participación da sociedade galega nas universidades e impulsan a colaboración entre estas e aquela, mediante a satisfacción polas universidades das necesidades do seu ámbito, contribuindo eficazmente ao desenvolvemento social, profesional, económico, tecnolóxico, científico e cultural de Galicia e á mellora da calidade do servizo público da educación superior universitaria.”

Estes consellos sociais teñen importantes funcións, que se describen no artigo 75 da citada lei e que se poden resumir en: “Correspóndelle ao consello social de cada universidade a supervisión das actividades de carácter económico da universidade e do rendemento dos seus servizos e promover a colaboración da sociedade no financiamento da universidade, así como cantas outras funcións lle sexan atribuídas por esta lei e a demais normativa aplicable.”

A súa composición regulase no artigo 77, que deixa claro que os consellos sociais están encabezados por un presidente ou presidenta que debe ser designado polo presidente da Xunta de Galicia. Así, o artigo 83 da citada lei afirma “O presidente ou a presidenta do consello social será designado ou designada pola Presidencia da Xunta de Galicia, entre personalidades da vida cultural, profesional, económica, laboral e social non pertencentes á comunidade universitaria, por proposta da persoa titular da consellaría competente en materia de universidades, logo de escoitar o reitor ou a reitora da universidade”.

O seu mandato é de catro anos, renovable por unha soa vez, e élle aplicable o previsto nesta lei con carácter xeral para o cesamento e a substitución dos membros do consello social.”



Pois ben, dende fai mais dun ano a presidencia do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela está vacante sen que, inexplicablemente, o presidente da Xunta nomee a unha nova persoa para que asuma a este cargo o que está alterando de forma notable o funcionamento e a labor do Consello Social.

Aínda máis, acaba de quedar vacante tamén a secretaria do Consello e a persoa que á asuma é designada, segundo o artigo 83.2, pola Presidencia do Consello, que como dicimos, está vacante.

Esta é unha situación insostible que da proba da desidia co que trata o Goberno do PP da Xunta de Galicia as Universidades

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

Por que non se designou aínda un presidente ou presidenta para o Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela?

Non considera a Xunta de Galicia que esta vacante está alterando o funcionamento e o traballo do dito Consello Social?

Cando vai ser nomeado un presidente ou presidenta do Consello Social da Universidade de Santiago?

Pazo do Parlamento, 16 de maio de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López  
Luis Manuel Álvarez Martínez  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 16/05/2019 13:19:09**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/05/2019 13:19:17**



## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López, Patricia Otero Rodríguez e Luis Manuel Álvarez Martínez**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

No Santuario de Nosa Señora das Virtudes en Ribadeo atópanse pinturas de principios do século XVII consideradas únicas en Galicia fundamentalmente pola súa temática relacionada co mar e que están gravemente ameazadas pola humidade que avanza dende o exterior do templo.

Do grave estado destas pinturas, que necesitan unha intervención decidida e urxente para poder conservalas, foi avisada a Dirección Xeral de Patrimonio xa en 2017 pero nada se fixo ata o momento, case dous anos despois.

Fai tres meses técnicos da Consellería de Cultura visitaron o santuario e recoñeceron as filtracións e o grave estado das pinturas, afirmando que se necesitaba unha intervención de urxencia. Pero tres meses despois aínda no comezaron estas intervencións mentres as magníficas pinturas seguen a estar en perigo.

A Consellería de Cultura leva tempo afirmado que ten importantes orzamentos para a rehabilitación do patrimonio e que concentrará esforzos no patrimonio do Camiño. Este Santuario está ao pé do Camiño Norte o que debería ser unha razón mais para actuar de forma inmediata porque se non o fai pode ser que cando queira arranxar esta situación as pinturas teñan danos irreparables.

Por todo isto consideramos que a Consellería de Cultura debe actuar de inmediato na salvagarda deste patrimonio.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) Como valora a Consellería de Cultura o estado das pinturas do Santuario da Nosa Señora das Virtudes de Ribadeo?
- 2.ª) Por que non se fixo nada para intentar paliar os problemas de humidades que as está deteriorando?



3.<sup>a</sup>) Que vai facer a Consellería de Cultura para preservar este patrimonio?

4.<sup>a</sup>) Que vai facer a Consellería de Cultura para preservar as pinturas murais do Santuario da Nosa Señora das Virtudes de Ribadeo?

Pazo do Parlamento, 16 de maio de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López  
Patricia Otero Rodríguez  
Luis Manuel Álvarez Martínez  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 16/05/2019 13:19:38**

**Patricia Otero Rodríguez na data 16/05/2019 13:19:47**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/05/2019 13:19:56**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

No vindeiro mes de xuño está prevista a prexubilación do pediatra que atende os centros de saúde de Barro e Monte Porreiro, o que está a crear preocupación e alarma na poboación do concello e do barrio pontevedrés.

Esta preocupación está xustificada pola carencia de pediatras para cubrir vacantes e baixas que xa se puxo de manifesto noutros centros de saúde da comarca e do país. Unha situación que ten a súa causa, por unha parte, na falta de previsión e planificación por parte do SERGAS, e , por outra, na redución de investimentos en atención primaria ao longo da última década.

Diante desta situación e da falta de información por parte do SERGAS, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno/Comisión

O parlamento insta á Xunta de Galiza a tomar as medidas necesarias para garantir a cobertura da praza de pediatra nos centros de saúde de Barro e Monte Porreiro unha vez que se faga efectiva a xubilación do titular da mesma.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión  
5ª:

1. Que medidas adoptou o SERGAS para garantir a cobertura da praza de pediatra nos centros de saúde de Barro e Monte Porreiro unha vez que se faga efectiva a xubilación do titular da mesma?
2. Vaise garantir a cobertura por especialista en pediatría e con mesmos servizos que na actualidade?
3. Cando está previsto que se faga efectiva a prexubilación e a cobertura da praza?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**  
**Olalla Rodil Fernández**  
**Noa Presas Bergantiños**  
**Montserrat Prado Cores**  
**Xosé Luis Rivas Cruz**  
**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/05/2019 17:09:19**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2019 17:09:23**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2019 17:09:25**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/05/2019 17:09:26**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/05/2019 17:09:27**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2019 17:09:28**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Begoña Rodríguez Rumbo, Luís Manuel Álvarez Martínez e Maria Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Desde o ano 2011, as augas do río Furelos, no concello de Melide, teñen análises negativas de Augas de Galicia. O Goberno local (do partido Popular) sábeo desde aquel momento, aínda que sempre o negou. Ata que, xa en 2015, o entón deputado Xosé Sánchez Bugallo podía comprobar *in situ* que había varios colectores vertendo augas fecais a caño libre e chegando ao río Martagona, afluente do río Furelos. O Goberno municipal, presidido pola entón alcaldesa e hoxe conselleira de Medio Ambiente, Vivenda e Territorio, non adoptaba medidas correctoras oportunas.

Dáse a circunstancia de que, a poucos centos de metros do que estamos a describir se atopa no río Furelos unha praia fluvial utilizada por miles de persoas durante todo o verán. E resulta que, ano a ano, os posibles bañistas están avisados, non se recomenda o baño pois a calidade das augas é insuficiente (as análises deste ano 2019 tamén son negativas). Tanto é así que, para compensar, o Goberno municipal mantivo o pasado verán a gratuidade no acceso ás piscinas que dan servizo na área recreativa de Furelos. E esta situación vese incrementada polo feito de que o parque empresarial verte sen control ao río.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª. Ten coñecemento o Goberno da Xunta de Galicia desta situación?
- 2ª. Se o ten, que medidas ten adoptado ou pensado adoptar?
- 3ª. Realiza o Goberno controis periódicos da calidade das augas no río Furelos (Melide), á altura da praia fluvial?
- 4.- Se a resposta anterior fose negativa, cales son as razón polas que non se teñen realizado eses controis?

Pazo do Parlamento, 16 de maio de 2019







**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 16/05/2019 17:24:19**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/05/2019 17:24:27**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/05/2019 17:24:31**

**María Luisa Pierres López na data 16/05/2019 17:24:40**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás iniciativas a tomar diante da presentación dun ERE por parte do Banco Santander para evitar o seu impacto en Galiza.

O Banco Santander ven de poñer en marcha un expediente de regulación de emprego (ERE), que segundo o anunciado afectará a 3713 traballadoras/es, e pecharán 1.150 oficinas (57 oficinas xa o farán o 21 de xuño, 1 en Galiza. A afectación que este ERE terá en Galiza será sen dúbida moi importante, debido á existencia de tres redes a nivel galego, a do Santander, Pastor e Popular.

Este novo ERE está directamente relacionado coa redución do número de oficinas que ten intención de realizar a entidade bancaria, e coa avaricia desmedida dun banco que ven de declarar no 2018 uns beneficios multimillonarios de 3.752 millóns de euros.

Este novo movemento significa continuar co proceso de “reestruturación” do sector financeiro, co obxectivo de concentrar e centralizar a toma de decisións, un proceso ao que se destinaron máis de 60.000 millóns de euros de fondos públicos, dos que o Bando de España recoñeceu que só se van recuperar unha mínima parte.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Para Galiza este proceso ten nefastas consecuencias, perda de capacidade e decisión financeira, exclusión dunha parte importante da poboación do mesmo, concentración bancaria, redución de operadores e a perda de m de máis postos de traballo. O sector financeiro sáldase en Galiza dende o 2009 ata o de agora cunha perda de miles de empregos.

Estamos de novo diante dun proceso de destrución de emprego, e de perda de capacidade financeira, de novo a expensas do que decidan en Madrid, en base aos seus intereses e non aos de Galiza.

O BNG súmase á preocupación d@s traballadores e traballadoras pola situación futura do persoal da rede do grupo bancario, porque todo evidencia que este é un novo banzo no proceso descrito, do que xa tiñamos advertido.

É preciso defender a mellora das condicións laborais, o mantemento dos postos de traballo e evitar a exclusión financeira na que van quedar miles de galeg@s en Galiza co peche de oficinas.

Por todas as razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Que actuacións ten realizado o Goberno galego para evitar as consecuencias en Galiza do ERE presentado polo Banco Santander ?

-Ten avaliado o Goberno galego as consecuencias deste ERE ?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Ten recibido información deste ERE, por parte dos responsábeis da entidade bancaria?

-Vai involucrarse o Goberno galego para impedir unha nova destrución de postos de traballo e peche de oficinas no sector financeiro galego?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2019 17:34:02**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2019 17:34:06**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/05/2019 17:34:07**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/05/2019 17:34:09**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2019 17:34:10**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/05/2019 17:34:11**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ao peche de camas hospitalarias durante os meses de verán.

Estamos ás portas do verán e asistimos de novo ao anuncio do peche de camas por parte do Sergas. Vemos polo tanto como a Xunta do Partido Popular persiste na súa política de peche de camas nos centros hospitalarios da rede pública de Galiza durante os meses de verán

O peche de camas ten moi graves consecuencias tanto no eido asistencial como no eido laboral.

No eido asistencial esta decisión significar unha maior dificultade ao acceso ás prestacións sanitarias por parte da poboación galega, aumento das listas de espera, saturación dos servizos de urxencias e unha moi importante repercusión na presión sobre @s profesionais sanitari@s para reducir o número de ingresos e rebaixar as estancias hospitalarias así como no emprego do sector sanitario. A conclusión final será máis derivacións de doentes a centros hospitalarios privados e aumento das xa abultadas listas de espera.

No eido laboral vai significar o aumento do desemprego do persoal sanitario, porque estas camas pechadas inciden tamén no desmantelamento do emprego público,





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

impedindo o acceso ao emprego d@s miles de traballador@s que están inscritos nas listas de contratación.

Máis unha vez a Consellaría de Sanidade prioriza os recortes na vez das necesidades de asistencia sanitaria d@s galeg@s, a precarización fronte á calidade asistencial.

O Bloque Nacionalista Galego considera indecente realizar o peche de camas cando hai miles de galegos e galegas en listas de espera, miles de profesionais nas listas de contratación, e cando se privatizan continuamente servizos e se derivan sistematicamente doentes á sanidade privada.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª.

1. Considera o Goberno galego que defende a sanidade pública de Galiza pechando camas e non substituíndo ao persoal mentres privatiza servizos e deriva doentes sistematicamente á sanidade privada?

2. Vai seguir derivando doentes á sanidade privada mentres ten pechado camas na sanidade pública?

3. Ten avaliado o Goberno galego a repercusión do peche de camas nas xa moi abultadas listas de espera do Sergas?

4. Como está a afectar este peche tan importante de camas nos servizos de urxencias?

5. Cales son as especialidades máis afectadas por esta medida?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

6. Cales son os servizos, en cada hospital, nos que se manteñen camas pechadas e cales foron os criterios para tomar a decisión?

7. Cal é o aforro previsto con esta medida?

8.- Cantas son as derivacións realizadas polo Sergas á centros privados nos últimos cinco anos, desglosadas as mesmas por centro hospitalario e por especialidades, tanto cirúrxicas como de probas diagnósticas?

9.- Canto é o persoal que non se substitúe, desglosado por centros e especialidades?

10.- Cando vai rematar coa práctica de sacar da lista de espera estrutural aos doentes que rexeiten ser derivados a centros privados ou a outros centros hospitalarios diferentes ao seu de referencia para ser atendidos das súas patoloxías, ou non ter aceptado unha data para ser atendid@s, por ser incompatíbel con outras obrigas?

11.- Cando vai restituír ás listas de espera estruturais a tod@s @s doentes eliminad@s das mesmas por non aceptar ser derivados a centros privados, a outros centros hospitalarios diferentes ao seu de referencia, ou non ter aceptado unha data para ser atendid@s, por ser incompatíbel con outras obrigas.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2019 17:44:13**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2019 17:44:17**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/05/2019 17:44:19**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/05/2019 17:44:20**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2019 17:44:21**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/05/2019 17:44:23**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á necesidade de modificar o concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre que ven de facer público o 061.

A comarca do Salnés ven demandando unha ambulancia de soporte vital avanzado practicamente dende a inauguración do propio Hospital do Salnés.

Unha demanda máis que xustificada porque os recursos sanitarios existentes no Salnés non permiten a atención de patoloxías graves, nin a maior parte das veces, prestar asistencia médica in situ a doentes de extrema gravidade, nin asistilos con persoal facultativo e de enfermería durante os traslados a un centro hospitalario, ao non contar con ambulancia de soporte vital avanzado, nin ter UCI o Hospital do Salnés.

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, dependente do Sergas, ven de facer público o concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, no mesmo inclúese a tan demandada ambulancia medicalizada, mais ao coñecer os detalles deste concurso volven





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

saltar as alarmas, o malestar e a preocupación xa que atopámonos con que reducen o persoal que ten que prestar o servizo na mesma, pasando de catro traballadores/as (dous técnicos/as, un médico/a e un enfermeiro/a) a tres (un técnico, un médico/ e un enfermeiro/a.

Atopámonos tamén con que se suprime a ambulancia de soporte vital básico que ven prestando servizo en Vilagarcía, e que se ten mostrado máis que precisa, xa que os servizos realizados en Vilagarcía teñen aumentado de xeito considerábel, un 50%, teñen pasado de 3500 no ano 2014 a 5400 no ano 2018.

Ningunha destas medidas ten xustificación desde o punto de vista asistencial, só responde a criterios económicos de recorte e non ás necesidades da veciñanza.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Considera que a poboación do Salnés vai dispoñer dun servizo de transporte sanitario terrestre urxente de calidade cos recortes que se contemplan no novo concurso?

-Cal é a razón de ter modificado a dotación da ambulancia de soporte vital avanzado(ASVA) contemplada para o Salnés, eliminando un técnico en cada quenda, na vez dos equipos profesionais por quenda que viñan tendo até o de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

agora estes vehículos: dous técnic@s, 1 persoal de enfermería 1 persoal facultativo.

-Cal é a razón de eliminar no concurso a segunda ambulancia de soporte vital básico(12 horas) que presta servizo en Vilagarcía, cando os servizos que se realizan en Vilagarcía teñen aumentado un 50% nos últimos catro anos?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/05/2019 19:05:09**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 09/05/2019 19:05:19**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/05/2019 19:05:20**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/05/2019 19:05:22**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/05/2019 19:05:23**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/05/2019 19:05:24**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

No Concello de Sober, na ribeira de Doade, existe unha adega que se pode visualizar dende a estrada que baixa ao embarcadoiro da localidade, no río Sil.

A adega ten licencia municipal, tal como afirmou o Goberno Local do Concello de Sober no pleno municipal de decembro de 2018, sendo esta concedida antes do inicio do procedemento de incoación de BIC da Ribeira Sacra (decembro 2017).

Ultimamente, as obras na adega reactiváronse e descoñecemos se a ampliación ten ou non un volume superior ao autorizado, dado o elevado impacto visual que presenta.

Ao ter sido solicitada a licencia antes da incoación do expediente de declaración de BIC, a competencia de outorgar licencias foi do Concello de Sober. Segundo o artigo 36.1 do PXOM, o prazo para remate das obras son tres anos.

Hoxe non se podería construír unha edificación así na ribeira, cun evidente impacto visual.

A construción sitúase nunha zona de Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais, segundo o PXOM.





Actualmente a zona está sometida ao réxime de protección específico da paisaxe cultural da Ribeira Sacra. Así, para as edificacións existentes non clasificadas, “no caso das edificacións existentes non clasificadas especificamente, non será necesaria a autorización da DXPC para as obras de mantemento, conservación, consolidación, restauración nin de rehabilitación. As de reestruturación tampouco precisarán da devandita autorización sempre que se limiten á reconstrución dos elementos derruídos co mesmo sistema construtivo e o uso de materiais tradicionais. Tamén poderán realizarse pequenas ampliacións, no marco do factible pola ordenación urbanística, sen a autorización da DXPC, sempre que a edificación ampliada no seu conxunto non supere os 50 m2.”

E, engade, que, “en calquera caso, todas as actuacións que se realicen no ámbito da paisaxe cultural deberán acreditar o cumprimento dos criterios e instrucións legais en materia de integración e harmonización cos valores culturais do ámbito, en concreto os criterios recollidos nos artigos 44, 46 e 89 da LPCG, con especial atención ás tipoloxías construtivas e aos materiais tradicionais. Como referencia e orientación a este respecto empregárase a Guía de boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais e o tomo V da Guía de cor e materiais de Galicia promovidas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio”.

E que “as actuacións sobre edificacións existentes que supoñan unha superficie final superior aos 50 m2, así como as obras de reconstrución ou de reestruturación de carácter global ou significativo si requirirán a autorización previa da DXPC”.

Polo exposto, a deputada que subscribe presenta as seguintes preguntas:

- 1.ª) Coñece a Xunta o impacto visual de dita construción?
- 2.ª) Como avalía a Xunta dito impacto visual, no marco do BIC Ribeira Sacra?





3.ª) Cantas autorizacións de obras se solicitaron á Xunta no territorio sometido a réxime de protección específico da paisaxe cultural da Ribeira Sacra dende a súa aprobación? En que concellos?

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 10/05/2019 10:44:15**





## Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En relación coas actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en contra do furtivismo as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que actuacións levou a cabo o Goberno galego contra o furtivismo en Pontevedra nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018, especificadas por ano?

2ª) Que previsións hai para o ano 2019?

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 08/05/2019 16:56:40**

**Patricia Otero Rodríguez na data 08/05/2019 16:56:53**



## Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En relación cos cursos de formación para a obtención dos permisos de marisqueo, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Cal é a relación de cursos de formación que se realizaron en Muros para a obtención do Permex nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018?
- 2ª) Cantas mulleres acudiron as estes cursos?
- 3ª) Que previsións hai para o ano 2019?

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 08/05/2019 16:51:46**

**Patricia Otero Rodríguez na data 08/05/2019 16:52:01**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo e Patricia Otero Rodríguez, Luis Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O proxecto de saneamento da ría de Viveiro (Lugo) inclúe dous proxectos:

1. Con relación á EDAR, unha nova balsa, un novo pretratamento e unha nova desinfección.
2. O segundo proxecto supón a instalación dun novo emisario, a retirada do antigo, unha nova estación de bombeo en Celeiro e un novo depósito.

Nestes días, o candidato do PP ao Concello de Viveiro avanzaba que “nos vindeiros días” será licitada a retirada da parte non soterrada do emisario que actualmente está na ría, concretando que o trámite para sacar a concurso os traballos “está a piques de rematar” e tamén que a Xunta de Galicia vai presentar nese mesmo prazo o proxecto técnico de ampliación da EDAR. Ata fixo público que o Goberno galego vai remitir o proxecto ao Concello para requirir a documentación necesaria e “seguir avanzando na tramitación da obra”. O certo é que o Concello solicitou a última información sobre esta actuación no pasado mes de marzo, sendo así que o proxecto relativo á EDAR contaba con todos os permisos e autorizacións e estaba pendente de aprobación como paso previo á licitación. Con respecto ao emisario, aínda quedaban permisos por cumprir (como os relativos ao patrimonio arqueolóxico mariño).

En 2010, a Unión Europea esixiu o saneamento da ría de Viveiro, polo que, en 2011, o Goberno da Xunta de Galicia anunciou a súa execución para 2015, cun investimento de 5 millóns de euros. En 2016, un ano despois da data prometida, o Goberno indicou que esta obra estaría rematada en 2019, resultando novamente un prazo que, evidentemente, tampouco se vai cumprir. O curioso é que, dende o mes de outubro do ano pasado, cando a Alcaldesa se reunía coa directora de Augas de Galicia e esta comprometía o inicio dos trámites para retirar o actual emisario, nada máis se soubo, así como tampouco nada da solicitude daquel organismo para tramitar os permisos de construción dun novo emisario ante a Demarcación de Costas do Estado.

Cómpre dicir que as actuacións se van realizar parcialmente con fondos FEDER 2014-2020, na contía de 2,7 millóns de euros e que existe o risco de perder pola pasividade de AUGAS DE GALICIA.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



- 1.ª) Pensa o Goberno da Xunta de Galicia que é normal que se dea información polo Goberno e entes instrumentais á oposición de calquera concello antes de remitir esa información ao Goberno municipal? É ese o seu senso de lealdade institucional?
- 2.ª) Cando ten previsto o Goberno licitar a retirada da parte non soterrada do emisario que actualmente está na ría e a presentación do proxecto técnico de ampliación da EDAR?
- 3.ª) Cando vai remitir o Goberno o proxecto ao concello para seguir avanzando na tramitación da obra?
- 4.ª) Solicitou o Goberno a Costas do Estado os permisos de construción dun novo emisario? Cando?
- 5.ª) Existe risco de que se perdan os 2,7 millóns de euros de fondos FEDER 2014-2020 para o proxecto de saneamento da ría de Viveiro (Lugo)?

Pazo do Parlamento, 10 de abril de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Patricia Otero Rodríguez  
Luis Manuel Álvarez Martínez  
María Luisa Pierres López,  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 10/05/2019 16:39:32**

**Patricia Otero Rodríguez na data 10/05/2019 16:39:47**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/05/2019 16:39:54**

**María Luisa Pierres López na data 10/05/2019 16:40:00**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Luis Manuel Álvarez Fernández e María Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O chumbo dos perdigóns é un dos axentes máis velenosos e contaminantes da natureza. Cada ano quedan abandonados centos de perdigóns, ocasionando a morte por envelenamento de millóns de aves. É un metal pesado que afecta a moitos órganos, que orixina disfuncións neurolóxicas e anemia e que altera o funcionamento dos rils. As aves cómeno cando o confunden con alimento ou con pedras que tragan para procesar o propio alimento. Cando o inxiren, sofren parálise, deixan de comer e morren en poucos días. E, logo, as aves rapaces inxiren restos desta munición cando se alimentan de presas ou carroñas que foron tiroteadas. Segundo o Instituto de Investigación en Recursos Cinexéticos, varios milleiros de aves morren cada ano en España e un millón en toda Europa.

A propia Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN), ao amparo da nosa lei do Patrimonio Natural e a Biodiversidade de 2007, o Instrumento de Ratificación do Acordo sobre a conservación das Aves Acuáticas Migratorias Afroeuroasiáticas de 1996 (feito en La Haya) e a Directiva Aves, tiña que recorrer ao Defensor del Pueblo e este respostaba que en todos os humedais galegos está prohibido o uso, non só de perdigóns con chumbo, senón tamén de calquera tipo de munición que conteña chumbo, incluídas postas e balas. Mais a Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia non semella opinar igual, aínda que Galicia ten designado todos os seus lugares de importancia comunitaria (LIC) como zonas especiais de conservación (ZEC).

Ocorre que a Comisión de Peticións da UE, en resposta de 8 de marzo de 2019, ten dito que é a Directiva Hábitats a que esixe aos Estados membros evitar o seu deterioro, fixar medidas de conservación e evitar tamén calquera tipo de



alteración significativa que repercute nas especies nos lugares da Rede Natura. A Comisión incoou, en 2015, un procedemento de infracción contra España relativa ao establecemento das medidas de conservación necesarias e esta infracción tamén afecta á nosa Comunidade, pois refírese ao uso de chumbo nos perdigóns en humedais.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Pensa o Goberno da Xunta de Galicia que o chumbo dos perdigóns é un dos axentes máis velenosos e contaminantes da natureza?
- 2.<sup>a</sup>) En que trámite se atopa o procedemento de infracción aberto a España en 2015 pola Comisión UE relativa ao uso de chumbo nos perdigóns en humedais na nosa Comunidade?
- 3.<sup>a</sup>) Ten feito alegacións o Goberno? Cales?

Pazo do Parlamento, 10 de abril de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Luis Manuel Álvarez Martínez  
María Luisa Pierres López,  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 10/05/2019 16:58:21**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/05/2019 16:58:30**

**María Luisa Pierres López na data 10/05/2019 16:58:35**



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Consello da Xunta desenvolvido o 25 de abril aprobou o “Plan galego de formación para desempregados e ocupados” cunha dotación orzamentaria de 57,3 millóns de euros, dirixido á cualificación de desempregados e ocupados a través de máis de 1.880 cursos para os próximos dous anos.

Segundo se indica na información aos medios publicada na Páxina *web* da Xunta de Galicia, a Consellería de Economía, Emprego e Industria deseñou a oferta deste plan adaptada ás necesidades do tecido empresarial e dar resposta aos retos no novo modelo produtivo baseado nas novas tecnoloxías.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1.<sup>a</sup> Ten elaborado a Xunta de Galicia algún estudo sobre as necesidades formativas do tecido empresarial galego? En caso de existir o dito estudo, onde está publicado?

2.<sup>a</sup> Onde está publicado o Plan galego de formación para desempregados e ocupados?

3.<sup>a</sup> Cal é a oferta total contemplada no Plan galego de formación para desempregados e ocupados?

4.<sup>a</sup> Cal é a distribución territorial para o desenvolvemento do dito plan?

Pazo do Parlamento, 13 de maio de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/05/2019 11:42:33**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 13/05/2019 11:42:39**





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/05/2019 11:44:22  
**Nº Rexistro: 49863**  
Data envío: 13/05/2019 11:44:22.433

**Patricia Otero Rodríguez na data 13/05/2019 11:42:46**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGX8vclHZmQ3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

A construción do novo centro de saúde e PAC de Caldas é unha historia interminábel, un proxecto adiado durante máis de unha década debido á incapacidade do goberno municipal de Caldas e da Xunta para chegar a acordos sobre o novo emprazamento. Máis ca en resolver esta importante necesidade, concello e Xunta parecen máis interesados en botarse a culpa mutuamente sobre quen ten a responsabilidade do retraso.

Mentres as dúas administracións se entregan a este xogo inútil, a realidade é que a veciñanza de Caldas sofre as consecuencias das eivas e limitacións que ten o actual centro de Saúde: a masificación, a falta de espazo, a inadecuada ubicación do servizo de pediatría, a carencia de persoal médico, os problemas derivados do mal funcionamento do saneamento... Por outra parte, a falta de espazo fixo necesario habilitar unhas dependencias de educación maternal e atención por matrona no edificio comarcal, mais trátase dunha ubicación provisional e que non reúne as mellores condicións para a prestación deste servizo.

Ao longo de máis de dez anos asistimos con perplexidade a un simulacro: a oferta de terreos que non serven porque son inundábeis (A Tafona), a proposta de novos





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

terreos que son desbotados por dificultades técnicas, a oferta de novas ubicacións que son desbotadas por problemas urbanísticos... Mesmo se avaliou a posibilidade de ampliar o centro de saúde actual, proposta que só cabe cualificar como unha ocorrencia sen ningún estudo de viabilidade e oportunidade. A realidade é que pasan os anos e queda en evidencia a incapacidade das dúas administracións para chegar a acordos.

No último escrito enviado polo SERGAS o 27 de marzo de 2019 facíase referencia a dous predios que terían características axeitadas para a construción do novo centro de saúde e PAC: un terreo denominado ET3 dentro do sector SB 10 T do PXOM de Caldas dentro dunha área comercial a desenvolver por iniciativa privada; outro na estrada de Pontevedra, de 8.000 m<sup>2</sup>, que debería ser entregado libre de cargas e asumindo o concello os custes dos servizos e estacionamento.

Desde o BNG consideramos que non pode haber xa máis excusas para seguir adiando unha infraestrutura que é de vital importancia para o futuro de Caldas de Reis. E que polo tanto o concello de Caldas e o SERGAS deben poñerse de acordo e asinar o convenio do novo centro de saúde.

Por todo isto formúlense as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Por que o SERGAS e o concello de Caldas levan máis de dez anos adiando a construción dun novo centro de saúde?
2. Que previsións ten o goberno galego para a sinatura dun acordo que permita a construción deste equipamento público?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3. Tendo en conta a existencia de cando menos dúas parcelas aptas para a construción do novo centro de saúde, que previsións ten o SERGAS en canto a prazos e investimento necesario para este equipamento?

4. Ten previsto o SERGAS mellorar a dotación de persoal para garantir a prestación dun servizo sanitario de calidade en Caldas?

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**  
**Montserrat Prado Cores**  
**Noa Presas Bergantiños**  
**Olalla Rodil Fernández**  
**Xosé Luis Rivas Cruz**  
**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 13/05/2019 12:57:45**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/05/2019 12:57:50**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 13/05/2019 12:57:51**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 13/05/2019 12:57:53**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/05/2019 12:57:54**

**Noa Presas Bergantiños na data 13/05/2019 12:57:56**



## Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

De acordo cos datos do Instituto Galego de Estatística, entre o ano 2017 e o ano 2018 a venda de produtos pesqueiros nas lonxas galegas, diminuíu tanto na cantidade (38.486 toneladas) como no seu valor (17.679.218 euros).

Do total das familias que se contemplan (algas, bivalvos, cefalópodos, crustáceos, equinodermos, gasterópodos, peixes, poliquetos e resto), é a de “Peixes” a que ten un maior peso relativo no total, seguida de “Bivalvos”, e a continuación “Cefalópodos”.

Así na familia “Peixes”, vendéronse 38.047 toneladas menos que no ano 2017, equivalente a unha redución do 20 %. Á súa vez isto supuxo unha diminución nos ingresos de 26.291.629 euros (7 %), respecto de 2017.

A especie máis vendida no ano 2017 foi a xarda pintada (27 %). A especie que alcanzou maior valor foi a pescada (38 % do total). A especie máis vendida no ano 2018 foi o xurelo (20 %), en canto á de maior valor, ao igual que no ano anterior, foi a pescada (35 % do total).

Segundo a mesma fonte, o IGE, as exportacións de “Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos” incrementáronse en menos dun 2 % entre o ano 2017 e o ano 2018, namentres no ano anterior, estas medraban case un 12 %.

A xestión do Goberno é claramente insuficiente en canto á xestión da comercialización da produción pesqueira, basta analizar a traxectoria nos últimos anos do programa 723A, o cal inclúe a partida “Transformación e comercialización da produción pesqueira e acuícola”. Este programa como saben, tanto no ano 2017 como no 2018 deixou sen executar máis de 6 euros de cada 10.

Por iso as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego a diminución das vendas de produtos pesqueiros nas lonxas galegas no ano 2018?



2ª) Como valora o Goberno galego o baixo crecemento das exportacións de peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos” en relacións aos anos anteriores?

3ª) Que medidas concretas vai levar a cabo o Goberno galego no ano 2019 para que a venda de produtos pesqueiros nas lonxas galegas non volva a sufrir unha redución neste ano?

4ª) Que medidas concretas vai levar a cabo o Goberno galego no ano 2019 para que as exportacións de “peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos” alcance como mínimo o incremento do ano 2018?

Pazo do Parlamento, 13 de maio de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 13/05/2019 13:30:09**

**Patricia Otero Rodríguez na data 13/05/2019 13:30:21**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do establecido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O Porto Chico de Foz, ademais da dragaxe, precisa un cambio na súa configuración, para mellorar as condicións de abrigo e de seguridade.

A realidade do Porto Chico, ou peirao de Tupide, en Foz, que serve de porto deportivo, orixina múltiples prexuízos, pois as embarcacións instaladas no mesmo, que pagan as correspondentes taxas polo atraque, sofren estragos durante os temporais, optándose mesmo por subir a terra as lanchas ou trasladalas ao porto pesqueiro. A infraestrutura non cumpre cos obxectivos para os que se deseñou.

O potencial de Foz a nivel náutico-deportivo e pesqueiro atópase paralizado pola falta de prazas de amarre e as continuas necesidades de dragado. No caso do Porto Chico hai dificultades para saír e entrar, danse posibles situacións de perigo coas bañistas de Tupide e hai demanda de máis prazas de atraque.

Polo exposto, a deputada que subscribe presenta as seguintes preguntas:

- Considera a Xunta que é factible manter así un porto co uso do Porto Chico?
- Ten a Xunta un informe de batimetría de dito peirao?





- Coñece a Xunta o estado das instalacións dos pantaláns do Porto Chico? Ten algún informe ao respecto?

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 14/05/2019 17:56:02**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os prexuízos causados por maquinaria da Xunta de Galiza sobre o patrimonio nunha queima controlada no concello do Ourol.

As asociacións Mariña Patrimonio e Adegas denunciaron publicamente os danos causados sobre un petróglifo no marco dunha queima controlada desenvolvida pola propia Xunta na que tamén foi utilizada maquinaria pesada, concretamente un tractor con cadeas.

Segundo informaron as dúas entidades, os danos foron causados polo lume sobre a zona arqueolóxica do Chao de Sinás, no concello do Ourol (A Mariña), onde se atopan trece laxes con petróglifos catalogados e dúas mámoas. No concreto, os danos terían sido maiores no petróglifo 13 (GA27038036).

A queima non contaba coa autorización da Consellaría de Cultura a través da Dirección Xeral de Patrimonio malia ser de carácter preceptivo de acordo coa información trasladada por Mariña Patrimonio e Adegas que puxeron en coñecemento do SEPRONA o acontecido.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Autorizou a Consellaría de Cultura o desenvolvemento dunha queima controlada na que participou maquinaria pesada sobre o conxunto arqueolóxico do Chao de Sinás, no concello do Ourense?

- Ten constancia a Consellaría de Cultura de que, no marco desa queima, se tivesen producido danos polo lume e/ou a maquinaria nalgún dos petróglifos das trece laxes catalogadas? E nas mámoas?

- Enviou a Dirección Xeral de Patrimonio persoal para avaliar o estado deste conxunto despois da denuncia de Mariña Patrimonio e Adegas?

- Que reflexión lle merece o acontecido á Xunta de Galiza toda vez que a administración é quen debe protexer e salvagardar o patrimonio cultural de Galiza?

- Que medidas vai adoptar o Goberno galego?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/05/2019 11:04:47**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/05/2019 11:04:52**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/05/2019 11:04:53**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 15/05/2019 11:04:54**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/05/2019 11:04:56**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/05/2019 11:04:57**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García**, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A avispiña do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*) foi detectada por primeira vez en Galicia no 2014. Este pequeno insecto é orixinario de China e, do mesmo xeito que a vespa Velutina, xa invadiu máis da metade do noso territorio. Galicia acumula ata o momento arredor de 8.000 positivos detectados. No 2017, a praga entrou na gran zona produtora de castaña, no oriente de Ourense.

A avispiña do castiñeiro pode matar os castiñeiros máis novos nas zonas cunha gran incidencia da praga. Esta especie forma agallas dificultando a formación das novas ramas, traendo consigo unha diminución moi importante nalgúns casos da produción de madeira e froito.

Para combatela, a vía máis eficaz na actualidade é a loita biolóxica. Consiste en combater ao insecto coa solta dun parasitoide da praga, outra avespa chamada *Torymus sinensis*. Esta avespa "boa" cómese os ovos da avispiña do castiñeiro e mantena controlada evitando a súa rápida proliferación.

O sector pediu unha solta masiva da *Torymus sinensis*, tal e como fixeron en Italia e Francia. Cando se trata de loita biolóxica, a rapidez da aplicación do tratamento é fundamental á hora de reducir as perdas económicas causadas polas pragas. A expansión da presente praga foi moi rápida, sen que as medidas tomadas até o de agora demostraran efectividade para detela.





A Xunta de Galicia por fin entrou en razón e recoñeceu o alarmismo dos produtores e comercializadores deste froito por mor desta praga, e está a soltar o *Torymus Sinensis*.

A loita biolóxica co *Torymus sinensis* contra a avispiña do castiñeiro é clave para salvagardar o castiñeiro. Tan só desta maneira se poderá manter a economía das zonas rurais que viven da súa recolección, venda e transformación.

Polo exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que actuacións se teñen desenvolvido até o de agora para o control da avispiña do castiñeiro?
2. Estase informando a concellos e a produtores/as de onde se está a realizar a solta?
3. Que gastos se teñen derivado destas actuacións?
4. Existe algún convenio de colaboración asinado con algunha empresa para facer fronte á expansión da praga?
5. Existe previsión de ser produtores de *Torymus Sinensis* para non ter que depender de terceiros a hora de adquirilo?
6. Prevese o pago de indemnización aos produtores de castaña afectados pola praga?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García





Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 15/05/2019 14:02:46**

**Antón Sánchez García na data 15/05/2019 14:03:01**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, María Dolores Toja Suárez, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O pasado día 29 de abril de 2019 publicáronse os pregos de condicións técnicas do concurso público para a prestación do servizo de transporte sanitario urxente ofertado polo Servicio Galego de Saúde e a Fundación de Urgencias Sanitarias de Galicia-061.

No novo concurso público de servizos de transporte sanitario urxente, que se atopa en fase de licitación, o persoal das ambulancias estará composto por 2 técnicos/as de emerxencias, un/unha médico /a e un/unha enfermeiro /a, agás nas ambulancias de Foz, Monforte e O Salnés, onde a Xunta de Galicia suprime un destes técnicos nos pregos.

Este servizo de urgencias extrahospitalarias atende patoloxías tempodependentes, é dicir, onde a vida dos doentes corre perigo, e con este novo servizo non se pode asegurar a calidade na atención das persoas. O equipo humano é fundamental para atender esas patoloxías ou situacións e, polo tanto, a presenza das dúas persoas técnicas para poder localizar e chegar ao punto da emerxencia é fundamental sobre todo nunha zona rural como é o ámbito de actuación deste recurso de soporte vital avanzado.

Na actualidade a ambulancia medicalizada con base en Foz conta en cada quenda de garda con dous TES, un médico e un DUE, coma o resto de ambulancias medicalizadas do territorio galego. Tras o recorte de persoal a dotación humana só estará formada por un TES, un médico e un DUE, situación que non se producirá no resto das ambulancias medicalizadas de Galicia.

Esta supresión dun TES na ambulancia de Foz suporá diferencias na atención que sufrirán os habitantes de Foz e da Mariña lucense en xeral e creará a figura de pacientes de 1ª e de 2ª.

O Partido Popular de Galicia ataca unha vez máis a sanidade pública da Mariña de Lugo, con este novo recorte de persoal.



Desde o Grupo Socialista pedímoslle ao Goberno Popular da Xunta de Galicia que garanta, para a Mariña de Lugo, a igualdade de condicións coas ambulancias medicalizadas do resto de Galicia.

A maiores no ano 2011 recortouse o horario da ambulancia asistencial con base en Foz. Un servizo, que a día de hoxe segue cun inxustificado horario recortado a 12 horas, que empeora os tempos de resposta.

Ante as protestas xeradas na Mariña lucense a xerencia do 061 asegurou que pode cubrir esta zona cos dous helicópteros medicalizados. Afirmación esta que é falsa, xa que a comarca da Mariña de Lugo é unha das poucas zonas de Galicia que se atopa fóra das isocronas do dito recurso. Os Técnicos de Emerxencias Sanitarias aseguran que a presenza do H3 e H4 é testemuñal na Comarca. Os helicópteros do 061 só voan cando as condicións meteorolóxicas e de visibilidade son boas, algo que non é habitual debido a néboa que se acumula na Serra do Xistral.

O PP da Mariña recorda na prensa que o helicóptero do Pesca II tamén fai traslados sanitarios. Segundo os Técnicos de Emerxencias Sanitarias esta información é enganosa, xa que aseguran que a misión do Pesca II non é realizar traslados sanitarios nin atender emerxencias en terra, senón que a súa misión é marítima realizando rescates no mar e o posterior traslado aos hospitais. Ocasionalmente realizan rescates en terra en lugares de difícil acceso pero sempre, tanto nos recates no mar coma en terra, con apoio do 061, xa que a dotación dos helicópteros non dispón de médico.

O director do 061 asegura que se priorizan os servizos interhospitalarios, pero os Técnicos de Emerxencias Sanitarias recórdanlle que o SVA da Mariña o 70 % dos seus servizos son primarios, é dicir, que atenden as emerxencias na rúa como poden ser as paradas cardiorrespiratorias, accidentes de tráfico, accidentes laborais, hipoglucemias...

Por iso as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª. Pensa o Goberno galego que se mellora a calidade do servizo do SVA da Mariña ao recortar un TES da ambulancia medicalizada de Foz, pasando dun equipo de catro profesionais a tres? En que se xustifica este recorte de persoal?

2ª. Ten pensado a Xunta de Galicia modificar os pregos de condicións técnicas do concurso público para a prestación do Servizo de Transporte Sanitario Urxente ofertado polo Servizo Galego de Saúde e a Fundación de Urxencias Sanitarias de





Galicia-061, de xeito que se recupere o TES suprimido na ambulancia medicalizada de Foz?

3ª. Vai a Xunta de Galicia recuperar o servizo das 24 horas da ambulancia asistencial de Foz, recortado a 12 horas de forma inxustificada, no ano 2011?

4ª. Cantos servizos fixo a SVA da Mariña entre o anos 2010 ao 2109? Destes servizos, cantos foron intrahospitalarios, cantos foron primarios, é dicir, urxencias na rúa?

5ª. Cando o Pesca II acode ás emerxencias en terra ou ben a rescates no mar necesita do apoio do servizos do 061?

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 15/05/2019 14:03:42**

**María Dolores Toja Suárez na data 15/05/2019 14:03:52**

**Julio Torrado Quintela na data 15/05/2019 14:04:03**

**Noela Blanco Rodríguez na data 15/05/2019 14:04:10**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, e Noa Presas Bergantiños,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita** relativa á dotación de persoal e aos os servizos que se van prestar no novo centro de saúde de Gondomar

A sanidade pública de Galiza está nunha situación de deterioro xeneralizado na que a Atención Primaria está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Todas as decisións tomadas polo goberno do PP foron en detrimento dunha Atención Primaria que debería ser o eixo fundamental do sistema sanitario, como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel: masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do establecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións, nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O actual Centro de Saúde de Gondomar responde á situación que se acaba de describir. A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal. A plantilla do Centro de Saúde de Gondomar é dende hai tempo moi escasa para poder prestar unha óptima prestación sanitaria ao conxunto da poboación a que atende.

Non se cobren as vacacións da matrona polo que deixan de se facer nese período os cursos de preparación pre e post parto, e as revisións xinecolóxicas tanto de seguimento dos embarazos como as de realización de controles (citoloxías, etc.) das mulleres en xeral.

Por outro lado, tamén se constata que non se están a cubrir desde o inicio as baixas médicas das e dos profesionais sanitarios. E non cubrir estas contribúe ao deterioro da prestacións, xa que ou o resto das profesionais se ven na obriga de asumir as consultas das que están de baixa, incrementado o seu volume de traballo, ou simplemente non hai atención sanitaria durante ese período.

Dispón dunha única praza de pediatría só en horario de mañá, que atende a 1.300 crianzas, moi por riba da ratio recomendada, problema que se agrava aínda máis no verán a consecuencia de o SERGAS non substituír á pediatra titular durante as vacacións, obrigando ás familias a desprazarse a outras consultas, ou ás pediatras dos outros centros a pasar consulta en Gondomar a maiores da súa propia.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Ante esta situación, asistimos ao anuncio en prensa, o pasado día 27 de abril, de que o novo centro de saúde de Gondomar vai abrir as súas portas no verán despois de catro anos en construción. Unha instalación sanitaria que foi obxecto de redución respecto da súa dimensión inicial polo PP e a súa política de recortes, o que provoca que se inaugure xa con prestacións insuficientes para a poboación que debe atender.

Na nova aparecida nos medios de comunicación, recóllese que ese novo centro de saúde contará con seis consultas de medicina de familia e unha de pediatría, as mesmas que na actualidade e que son claramente insuficientes segundo se detallou máis arriba. Mais no caso da atención pediátrica é especialmente negativo o feito de que vaia haber unha soa consulta de pediatría e que, según poidemos saber, atenderá nunha soa quenda de mañá. O que significaría manter a situación actual de exceso de cupo que xa ten obrigado ás familias de novas crianzas a ter consulta de pediatría noutros concellos do Val Miñor.

Polo anteriormente exposto formulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Considera o Goberno galego que @s veciñ@s de Gondomar van recibir unha asistencia sanitaria de calidade sen a ampliación da dotación de profesionais e servizos no novo centro de saúde?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

É certo que o novo centro de saúde de Gondomar non vai ver ampliada a súa plantilla de médicos de familia?

É certo que no novo centro de saúde non haberá máis que unha consulta de pediatría en horario de mañá?

Por que non se adoptan medidas para garantir a correcta atención pediátrica ás crianzas de Gondomar?

Que hai de certo en que o SERGAS pretende centralizar as consultas de pediatría dos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán no PAC Val Miñor (A Xunqueira)?

De ser certa esa pretensión, é consciente dos prexuízos que lle causaría ás familias terse que desprazar desde os seus respectivos concellos até ese PAC?

Vai ter o novo centro de saúde ampliación da consulta de matrona?

Vai ter o novo centro de saúde de Gondomar dotación suficiente de profesionais de enfermería e persoal auxiliar?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2019 11:54:52**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2019 11:55:02**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/05/2019 11:55:08**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/05/2019 11:55:11**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2019 11:55:13**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/05/2019 11:55:15**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A Escola de Canteiros de Poio naceu no ano 1979, no mosteiro da localidade. Dependía, na súa orixe, do Ministerio de Cultura, pero, tres anos máis tarde, a Deputación de Pontevedra fíxose cargo dela.

A Escola foi creada para transmitir ás novas xeracións as artes que, durante séculos, deron sona ao noso patrimonio labrado en pedra. A institución imparte 5 anos de formación, tres que habilitan para ser canteiro e dous máis para formar aos mestres canteiros. Cada curso consta de preto de mil horas lectivas.

Para poder levar a cabo a súa fermosa labor, a Escola conta cun orzamento anual de 1 millón de euros.

Malia que o centro dispón dos medios necesarios para ser un centro de referencia nacional e internacional, a realidade é que nestes momentos suma só 11 alumnos. Nos seus mellores tempos, había arredor de 80 estudantes, moitos dos cales remataron traballando na Catedral de Santiago, na Sagrada Familia, no Big Ben, no Capitolio...

A razón de que se producira semellante descenso do alumnado é que, por mor do desleixo insensato da Xunta de Galicia, os títulos da Escola non posúen validez oficial ningunha. A Asociación de canteiros leva máis dunha década





denunciándoo, pero as institucións non souberon estar á altura das súas esixencias.

Isto ten que mudar de inmediato. A Formación Profesional é competencia exclusiva do Goberno da Xunta, polo que lle corresponde a el iniciar os trámites e homologación para que os títulos da Escola de Canteiros de Poio se recoñezan, como corresponde, como títulos de ciclo medio e ciclo superior.

Polo anterior, as deputadas que subscriben presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.<sup>a</sup>) Por que a Xunta de Galicia non fixo nada na última década para homologar os títulos de canteiro e mestre canteiro da Escola de Poio?

2.<sup>a</sup>) Non lle parece que os seus estudantes merezan o recoñecemento que demandan?

3.<sup>a</sup>) Que pensa facer ao respecto no futuro?

4.<sup>a</sup>) Vai recoñecer como títulos de ciclo medio e superior tódolos títulos expedidos pola escola ata o momento?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea







**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 16/05/2019 12:37:09**

**Luca Chao Pérez na data 16/05/2019 12:37:33**



## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López e Luis Manuel Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, determina no seu artigo 74:

“Os consellos sociais son órganos de participación da sociedade galega nas universidades e impulsan a colaboración entre estas e aquela, mediante a satisfacción polas universidades das necesidades do seu ámbito, contribuíndo eficazmente ao desenvolvemento social, profesional, económico, tecnolóxico, científico e cultural de Galicia e á mellora da calidade do servizo público da educación superior universitaria.”

Estes consellos sociais teñen importantes funcións, que se describen no artigo 75 da citada lei e que se poden resumir en: “Correspóndelle ao consello social de cada universidade a supervisión das actividades de carácter económico da universidade e do rendemento dos seus servizos e promover a colaboración da sociedade no financiamento da universidade, así como cantas outras funcións lle sexan atribuídas por esta lei e a demais normativa aplicable.”

A súa composición regulase no artigo 77, que deixa claro que os consellos sociais están encabezados por un presidente ou presidenta que debe ser designado polo presidente da Xunta de Galicia. Así, o artigo 83 da citada lei afirma “O presidente ou a presidenta do consello social será designado ou designada pola Presidencia da Xunta de Galicia, entre personalidades da vida cultural, profesional, económica, laboral e social non pertencentes á comunidade universitaria, por proposta da persoa titular da consellaría competente en materia de universidades, logo de escoitar o reitor ou a reitora da universidade”.

O seu mandato é de catro anos, renovable por unha soa vez, e é aplicable o previsto nesta lei con carácter xeral para o cesamento e a substitución dos membros do consello social.”

Pois ben, dende fai mais dun ano a presidencia do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela está vacante sen que,



inexplicablemente, o presidente da Xunta nomee a unha nova persoa para que asuma a este cargo o que está alterando de forma notable o funcionamento e a labor do Consello Social.

Aínda máis, acaba de quedar vacante tamén a secretaria do Consello e a persoa que á asuma é designada, segundo o artigo 83.2, pola Presidencia do Consello, que como dicimos, está vacante.

Esta é unha situación insostible que da proba da desidia co que trata o Goberno do PP da Xunta de Galicia as Universidades

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

Por que non se designou aínda un presidente ou presidenta para o Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela?

Non considera a Xunta de Galicia que esta vacante está alterando o funcionamento e o traballo do dito Consello Social?

Cando vai ser nomeado un presidente ou presidenta do Consello Social da Universidade de Santiago?

Pazo do Parlamento, 16 de maio de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López  
Luis Manuel Álvarez Martínez  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 16/05/2019 13:21:13**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/05/2019 13:21:22**



## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López, Patricia Otero Rodríguez e Luis Manuel Álvarez Martínez**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

No Santuario de Nosa Señora das Virtudes en Ribadeo atópanse pinturas de principios do século XVII consideradas únicas en Galicia fundamentalmente pola súa temática relacionada co mar e que están gravemente ameazadas pola humidade que avanza dende o exterior do templo.

Do grave estado destas pinturas, que necesitan unha intervención decidida e urxente para poder conservalas, foi avisada a Dirección Xeral de Patrimonio xa en 2017 pero nada se fixo ata o momento, case dous anos despois.

Fai tres meses técnicos da Consellería de Cultura visitaron o santuario e recoñeceron as filtracións e o grave estado das pinturas, afirmando que se necesitaba unha intervención de urxencia. Pero tres meses despois aínda no comezaron estas intervencións mentres as magníficas pinturas seguen a estar en perigo.

A Consellería de Cultura leva tempo afirmado que ten importantes orzamentos para a rehabilitación do patrimonio e que concentrará esforzos no patrimonio do Camiño. Este Santuario está ao pé do Camiño Norte o que debería ser unha razón mais para actuar de forma inmediata porque se non o fai pode ser que cando queira arranxar esta situación as pinturas teñan danos irreparables.

Por todo isto consideramos que a Consellería de Cultura debe actuar de inmediato na salvagarda deste patrimonio.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) Como valora a Consellería de Cultura o estado das pinturas do Santuario da Nosa Señora das Virtudes de Ribadeo?
- 2.ª) Por que non se fixo nada para intentar paliar os problemas de humidades que as está deteriorando?



3.<sup>a</sup>) Que vai facer a Consellería de Cultura para preservar este patrimonio?

4.<sup>a</sup>) Que vai facer a Consellería de Cultura para preservar as pinturas murais do Santuario da Nosa Señora das Virtudes de Ribadeo?

Pazo do Parlamento, 16 de maio de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López  
Patricia Otero Rodríguez  
Luis Manuel Álvarez Martínez  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 16/05/2019 13:21:34**

**Patricia Otero Rodríguez na data 16/05/2019 13:21:43**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/05/2019 13:21:56**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

No vindeiro mes de xuño está prevista a prexubilación do pediatra que atende os centros de saúde de Barro e Monte Porreiro, o que está a crear preocupación e alarma na poboación do concello e do barrio pontevedrés.

Esta preocupación está xustificada pola carencia de pediatras para cubrir vacantes e baixas que xa se puxo de manifesto noutros centros de saúde da comarca e do país. Unha situación que ten a súa causa, por unha parte, na falta de previsión e planificación por parte do SERGAS, e , por outra, na redución de investimentos en atención primaria ao longo da última década.

Diante desta situación e da falta de información por parte do SERGAS, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno/Comisión

O parlamento insta á Xunta de Galiza a tomar as medidas necesarias para garantir a cobertura da praza de pediatra nos centros de saúde de Barro e Monte Porreiro unha vez que se faga efectiva a xubilación do titular da mesma.





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Que medidas adoptou o SERGAS para garantir a cobertura da praza de pediatra nos centros de saúde de Barro e Monte Porreiro unha vez que se faga efectiva a xubilación do titular da mesma?
2. Vaise garantir a cobertura por especialista en pediatría e con mesmos servizos que na actualidade?
3. Cando está previsto que se faga efectiva a prexubilación e a cobertura da praza?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/05/2019 17:10:15**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2019 17:10:21**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2019 17:10:23**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/05/2019 17:10:24**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/05/2019 17:10:25**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2019 17:10:26**





## Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Begoña Rodríguez Rumbo, Luís Manuel Álvarez Martínez e Maria Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Desde o ano 2011, as augas do río Furelos, no concello de Melide, teñen análises negativas de Augas de Galicia. O Goberno local (do partido Popular) sábeo desde aquel momento, aínda que sempre o negou. Ata que, xa en 2015, o entón deputado Xosé Sánchez Bugallo podía comprobar *in situ* que había varios colectores vertendo augas fecais a caño libre e chegando ao río Martagona, afluente do río Furelos. O Goberno municipal, presidido pola entón alcaldesa e hoxe conselleira de Medio Ambiente, Vivenda e Territorio, non adoptaba medidas correctoras oportunas.

Dáse a circunstancia de que, a poucos centos de metros do que estamos a describir se atopa no río Furelos unha praia fluvial utilizada por miles de persoas durante todo o verán. E resulta que, ano a ano, os posibles bañistas están avisados, non se recomenda o baño pois a calidade das augas é insuficiente (as análises deste ano 2019 tamén son negativas). Tanto é así que, para compensar, o Goberno municipal mantivo o pasado verán a gratuidade no acceso ás piscinas que dan servizo na área recreativa de Furelos. E esta situación vese incrementada polo feito de que o parque empresarial verte sen control ao río.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª. Ten coñecemento o Goberno da Xunta de Galicia desta situación?
- 2ª. Se o ten, que medidas ten adoptado ou pensado adoptar?
- 3ª. Realiza o Goberno controis periódicos da calidade das augas no río Furelos (Melide), á altura da praia fluvial?
- 4.- Se a resposta anterior fose negativa, cales son as razón polas que non se teñen realizado eses controis?

Pazo do Parlamento, 16 de maio de 2019





**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 16/05/2019 17:24:59**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/05/2019 17:25:11**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/05/2019 17:25:19**

**María Luisa Pierres López na data 16/05/2019 17:25:26**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás iniciativas a tomar diante da presentación dun ERE por parte do Banco Santander para evitar o seu impacto en Galiza.

O Banco Santander ven de poñer en marcha un expediente de regulación de emprego (ERE), que segundo o anunciado afectará a 3713 traballadoras/es, e pecharán 1.150 oficinas (57 oficinas xa o farán o 21 de xuño, 1 en Galiza. A afectación que este ERE terá en Galiza será sen dúbida moi importante, debido á existencia de tres redes a nivel galego, a do Santander, Pastor e Popular.

Este novo ERE está directamente relacionado coa redución do número de oficinas que ten intención de realizar a entidade bancaria, e coa avaricia desmedida dun banco que ven de declarar no 2018 uns beneficios multimillonarios de 3.752 millóns de euros.

Este novo movemento significa continuar co proceso de “reestruturación” do sector financeiro, co obxectivo de concentrar e centralizar a toma de decisións, un proceso ao que se destinaron máis de 60.000 millóns de euros de fondos públicos, dos que o Bando de España recoñeceu que só se van recuperar unha mínima parte.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Para Galiza este proceso ten nefastas consecuencias, perda de capacidade e decisión financeira, exclusión dunha parte importante da poboación do mesmo, concentración bancaria, redución de operadores e a perda de m de máis postos de traballo. O sector financeiro sáldase en Galiza dende o 2009 ata o de agora cunha perda de miles de empregos.

Estamos de novo diante dun proceso de destrución de emprego, e de perda de capacidade financeira, de novo a expensas do que decidan en Madrid, en base aos seus intereses e non aos de Galiza.

O BNG súmase á preocupación d@s traballadores e traballadoras pola situación futura do persoal da rede do grupo bancario, porque todo evidencia que este é un novo banzo no proceso descrito, do que xa tiñamos advertido.

É preciso defender a mellora das condicións laborais, o mantemento dos postos de traballo e evitar a exclusión financeira na que van quedar miles de galeg@s en Galiza co peche de oficinas.

Por todas as razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que actuacións ten realizado o Goberno galego para evitar as consecuencias en Galiza do ERE presentado polo Banco Santander ?

-Ten avaliado o Goberno galego as consecuencias deste ERE ?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Ten recibido información deste ERE, por parte dos responsábeis da entidade bancaria?

-Vai involucrarse o Goberno galego para impedir unha nova destrución de postos de traballo e peche de oficinas no sector financeiro galego?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2019 17:34:52**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2019 17:34:56**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/05/2019 17:34:57**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/05/2019 17:34:58**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2019 17:35:00**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/05/2019 17:35:01**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao peche de camas hospitalarias durante os meses de verán.

Estamos ás portas do verán e asistimos de novo ao anuncio do peche de camas por parte do Sergas. Vemos polo tanto como a Xunta do Partido Popular persiste na súa política de peche de camas nos centros hospitalarios da rede pública de Galiza durante os meses de verán

O peche de camas ten moi graves consecuencias tanto no eido asistencial como no eido laboral.

No eido asistencial esta decisión significar unha maior dificultade ao acceso ás prestacións sanitarias por parte da poboación galega, aumento das listas de espera, saturación dos servizos de urxencias e unha moi importante repercusión na presión sobre @s profesionais sanitari@s para reducir o número de ingresos e rebaixar as estancias hospitalarias así como no emprego do sector sanitario. A conclusión final será máis derivacións de doentes a centros hospitalarios privados e aumento das xa abultadas listas de espera.

No eido laboral vai significar o aumento do desemprego do persoal sanitario, porque estas camas pechadas inciden tamén no desmantelamento do emprego público,





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

impedindo o acceso ao emprego d@s miles de traballador@s que están inscritos nas listas de contratación.

Máis unha vez a Consellaría de Sanidade prioriza os recortes na vez das necesidades de asistencia sanitaria d@s galeg@s, a precarización fronte á calidade asistencial.

O Bloque Nacionalista Galego considera indecente realizar o peche de camas cando hai miles de galegos e galegas en listas de espera, miles de profesionais nas listas de contratación, e cando se privatizan continuamente servizos e se derivan sistematicamente doentes á sanidade privada.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita.

1. Considera o Goberno galego que defende a sanidade pública de Galiza pechando camas e non substituíndo ao persoal mentres privatiza servizos e deriva doentes sistematicamente á sanidade privada?
2. Vai seguir derivando doentes á sanidade privada mentres ten pechado camas na sanidade pública?
3. Ten avaliado o Goberno galego a repercusión do peche de camas nas xa moi abultadas listas de espera do Sergas?
4. Como está a afectar este peche tan importante de camas nos servizos de urxencias?
5. Cales son as especialidades máis afectadas por esta medida?







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

6. Cales son os servizos, en cada hospital, nos que se manteñen camas pechadas e cales foron os criterios para tomar a decisión?

7. Cal é o aforro previsto con esta medida?

8.- Cantas son as derivacións realizadas polo Sergas á centros privados nos últimos cinco anos, desglosadas as mesmas por centro hospitalario e por especialidades, tanto cirúrxicas como de probas diagnósticas?

9.- Canto é o persoal que non se substitúe, desglosado por centros e especialidades?

10.- Cando vai rematar coa práctica de sacar da lista de espera estrutural aos doentes que rexeiten ser derivados a centros privados ou a outros centros hospitalarios diferentes ao seu de referencia para ser atendidos das súas patoloxías, ou non ter aceptado unha data para ser atendid@s, por ser incompatíbel con outras obrigas?

11.- Cando vai restituír ás listas de espera estruturais a tod@s @s doentes eliminad@s das mesmas por non aceptar ser derivados a centros privados, a outros centros hospitalarios diferentes ao seu de referencia, ou non ter aceptado unha data para ser atendid@s, por ser incompatíbel con outras obrigas.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2019 17:48:51**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2019 17:48:55**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/05/2019 17:48:57**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/05/2019 17:48:58**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2019 17:48:59**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/05/2019 17:49:01**



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**

## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

## **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

